

vilalba

A tempada de estrea das piscinas pecha con máis de dez mil usuarios. **Páx. 2**

friol

Invisten preto de 224.000 euros para mellorar os camiños rurais. **Páx. 13**

guitiriz

A vila festexa por todo o alto os cen anos da Escola Habanera. **Páx. 14**

abadín

O Concello abre o proceso de licitación da residencia de maiores. **Páx. 22**

cospeito

Muimenta rendeu unha homenaxe ás comisións da Moexmu. **Páx. 23**

Produtos de outono

A Tasca do Liño en Insua, a Feira da Galiña de Mos en San Xiao e a Feira do Queixo e o Mel nas Pontes destacan no calendario de outubro



A loita pola cheminea da central continúa

Acordo do Goberno e a oposición para conciliar a súa permanencia co impulso industrial. **Páx. 10**

O TSXG dá a razón a veciños de Muras

Anulou a licenza que concedeu a Xunta para a ampliación da mina de San Acisclo. **Páx. 20**

A Deputación pide melloras na educación

O Pleno aprobou unha moción na que reclama á Xunta que resolva a falta de profesorado. **Páx. 27**

CTNNB1



Falamos coa nai da pequena afectada desta enfermidade rara en Meira. **Páx. 19**

Afouteza



A nova asociación veciñal de Abadín explica os seus proxectos. **Páx. 22**

Tiro con arco



O club de Guitiriz fai un percorrido polos últimos anos. **Páx.30**

NOVALUX
Óptica & centro auditivo

VOLTA Ó COLE!

Gafas Nano Indestructible + cristais graduados **dende 99€**

Vilalba 982 51 01 00
981 45 15 04 As Pontes

© 2024 NOVALUX. Todos os dereitos reservados.

O Concello fai balance das obras nos colexios

O Concello de Vilalba realizou durante o verán actuacións nos centros educativos, licitando tamén outros proxectos necesarios.

Segundo afirman, a Escola Infantil Municipal conta cun novo sistema de climatización e ventilación (54.000 euros). Ademais, o Concello licitou o proxecto de aforro e eficiencia enerxética dos vestuarios do pavillón empregado polo alumnado do CEIP Insua Bermúdez (60.000 euros).

Tamén foron licitadas as obras para a renovación do pavimento da pista do pavillón do CEIP Manuel Mato Vizoso (88.000 euros) e o Pleno aprobou o proxecto do novo PAI, que sairá a licitación este mes de setembro (155.000 euros).

Ademais, no CEIP Mato Vizoso o Concello pintou no verán os vestiarios e vaise poñer un ascensor que entra en funcionamento este ano.

Durante o verán, en todos os centros educativos se realizaron traballos de conservación das zonas verdes e acondicionamento dos accesos, así como diferentes actuacións de mantemento dos equipamentos interiores.

“O ensino público é unha prioridade para o goberno local”, sostén Marta Rouco, “por iso atendemos as demandas da comunidade educativa, aínda que a educación e unha competencia directa da Xunta de Galicia e botamos en falta máis axuda pola súa parte”.

As novas piscinas superaron os dez mil usuarios no verán

Marta Rouco, informou dos datos de final da tempada das novas piscinas municipais exteriores da área recreativa da Madalena, inauguradas no pasado mes de xuño e que rexistraron máis de 10.000 usuarios e usuarias durante a época estival. Nesa liña, a rexedora valorou positivamente uns datos que reflicten “unha media diaria de máis de 100 persoas, que evidentemente se chegou a triplicar nos días de máis calor, nos que se superou o aforo e se tiveron que establecer colas de agarda para poder acceder ás piscinas”.

En consecuencia, “as novas piscinas da Madalena deron como resultado un retorno económico que superou os 27.200 euros; é dicir, unha recadación media diaria de máis de 290 euros”, afirmou Rouco, quen aproveitou a ocasión para “amosar o noso agradecemento pola boa acollida que tiveron as novas piscinas e por



todos aqueles comentarios positivos que recibimos ao longo deste verán”. Así pois, a rexedora vilabesa tamén fixo saber que o goberno local “é coñecedor das pequenas incidencias que puideron producirse ao longo da tempada e de todas aquelas suxestións que os veciños e veciñas nos foron facendo por diversas canles, as cales estudamos e nas que xa traballamos ao longo da tempada”.

Pola súa banda, Marta Rouco estivo acompañada polo concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, quen, ademais de sumarse á valoración positiva feita pola rexedora, adiantou “está previsto ampliar o perímetro da infraestrutura e polo tanto sumar máis espazo verde e de sombra ás piscinas para que, á súa vez, se poida ampliar o aforo das instalacións en 40 ou 50 persoas”.

VISITA DA CÓNSUL DE CUBA



Con motivo da celebración da XIV Feira Indiana de Santaballa, o Concello de Vilalba recibiu á cónsul de Cuba en Santiago de Compostela, Annabel Lafargue. No transcurso da recepción, realizada na casa consistorial vilabesa, fíxoselle entrega do pin de prata do Concello en nome da alcaldesa, manifestando a ledicia por acollela nun sinxelo pero emotivo acto.

Rouco reclama a Mobilidade a visita prometida á estación de autobuses

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, pídelle a Judit Fontela, directora xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que realice “con urxencia” a visita prevista á estación de autobuses para atopar unha solución.

Nunha carta enviada onte pola alcaldesa, Rouco lémbrelle que “no encontro que manti vemos o pasado mes de xullo, obti ven de vostede o

compromiso de que se desprazaría a Vilalba a comezos de setembro para avaliar o estado da estación de autobuses e, xunto aos técnicos da consellería, estudar as posibles solucións para a infraestrutura”.

“Vilalba necesita desbloquear con urxencia unha situación que non merecen os nosos veciños e veciñas, cunha estación de autobuses en es-

tado de abandono”, engade a alcaldesa. En palabras de Marta Rouco, “falamos dun asunto de gran transcendencia para o noso concello e dun servizo, o do transporte público, que merece prioridade, polo que é moi urxente atopar unha solución, agardando que a visita da directora xeral de Mobilidade a Vilalba poida realizarse o antes posible”.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

O Concello instala un sistema de videovixilancia no punto limpo

O Concello finalizou a instalación de tres novas cámaras de videovixilancia nas instalacións do punto limpo, localizado no Polígono Sete Pontes. Desta forma, o goberno local pretende "evitar condutas incívicas e que as persoas depositen residuos fóra das instalacións, o que ocasiona unha contaminación dos nosos espazos e notables incidencias no traballo diario do persoal do punto limpo", explicou a alcaldesa, Marta Rouco.

Así mesmo, coa instalación das novas cámaras de videovixilancia buscan paliar os roubos recorrentes, de tal forma que os dispositivos de vixilancia cubran tanto o perímetro interno das instalacións como a área mínima de acceso á entrada.

Pola súa banda, dende o Concello de Vilalba lembran que o horario de atención ao público do punto limpo municipal é de 16.00 a 20.00 horas de luns a venres e os sábados de 10.00 a 14.00. Ademais, o rural vilalbés conta co servizo do punto limpo móbil, que se despraza cada semana a unha parroquia distinta para que



os veciños e veciñas poidan depositar os seus residuos e que se suma á recollida de plásticos que se realiza cada tres meses nos puntos de almacenamento establecidos en cada unha das parroquias.

Esta inversión no punto limpo municipal súmase ás melloras acometidas no pasado mes de xaneiro para optimizar a xestión interna dos residuos e mellorar a eficiencia operativa, a sostibilidade, e a seguridade dos usuarios e usuarias.

En concreto leváronse a cabo unha

serie de modificacións que supuxeron a compra e a colocación de 5 colectores de almacenamento de residuos perigosos, 2 colectores para o depósito de residuos téxtiles e 4 gaiolas para almacenamento de residuos eléctricos e electrónicos.

Así mesmo, tamén se procedeu á ampliación da zona específica para o almacenamento de RAEE dunha superficie de 24 metros cadrados para optimizar o uso do Punto Limpo, procedendo ademais á impermeabilización desa superficie e da caseta.



A Xunta destina 226.000 euros á mellora de camiños municipais

A Xunta destina 226.000 euros a acondicionar 19 quilómetros de camiños municipais do concello, correspondentes ás parroquias de Alba, Belesar, Román, Sancovade, Goiriz, Rioaveso e Oleiros.

As obras execútanse ao abeiro do Plan Marco da Consellería do Medio Rural. As do bienio 2023-2024 xa remataron e estanse a desenvolver as do período 2024-2025; as dúas edicións suman un orzamento concreto para o presente ano de 129.300 euros. En xeral, acométese a limpeza de rodadura e colocación de sinais verticais onde proceda.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou hoxe os traballos executados no camiño que dá acceso ás poboacións de Liñares, Gardamil e Cabanas -nas parroquias de Rioaveso e Oleiros-, enlazando a estrada autonómica LU-120 coa estrada provincial LU-P-6510.

Nesta zona arranxáronse máis de 5 quilómetros entre a vía principal e a variante que tamén conecta co núcleo de Cabanas. Así mesmo, reforzouse a drenaxe en varios puntos e colocáronse sinais verticais de STOP nos cruces. Nos últimos meses completáronse traballos similares nos camiños de Barbeitas, cun total de 1,7

quilómetros na parroquia de Sancovade, e no que atravesa Graduín ata rematar en Fabás, con 1,8 quilómetros en Goiriz.

PRÓXIMOS PROXECTOS. No que respecta ás actuacións a acometer ata o vindeiro ano, a de maior entidade será a que afecta á parroquia de Alba, atravesando os barrios das Turbelas, O Curro, Cordal e Meire ata rematar na igrexa e cemiterio de Belesar. Actuarase en 4,5 quilómetros aproximadamente, tanto da vía principal como dunha ramificación de 490 metros que conduce a distintas vivendas e parcelas agrícolas en dirección Norte.

Igualmente, en Rioaveso e Román vanse reparar 1,1 quilómetros no acceso á Bardela e 1,8 na pista a Cartemil desde a estrada LU-120.

Javier Arias destacou o investimento que realiza a Xunta no Plan Marco, con máis de 9,2 millóns de euros distribuídos na provincia de Lugo entre as dúas últimas convocatorias. Neste sentido, lembrou que "o mantemento das infraestruturas rurais resulta fundamental para contribuír ao aumento da competitividade agraria e forestal, mellorar as condicións de vida e de traballo e, en definitiva, impulsar a cohesión social e territorial".

Insua celebrará a Tasca do Liño o 26 con Marisa Barreiro como pregoeira

Un ano máis, a Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomé de Insua volverá celebrar a súa tradición Tasca do Liño, xornada de recreación histórica que se celebra na localidade vilalbés de Insua.

O colectivo xa está preparando a que será a XVI edición, que ten como data escollida o 26 de outubro.

O programa previsto, que aínda está pechándose, seguirá a liña e anos anteriores, con demostración da tas-



ca do liño, charlas sobre emprendementos rurais e oficios tradicionais, música tradicional, demostracións artesanais e postos de artesanía, e exposicións, unha delas posiblemente de cestería.

Ademais, Marisa Barreiro, a directora do lescha, será a encargada de ler o pregón inaugural.

Nesta festa colaboran a Deputación, Concello e Fundación Artesanía de Galicia, entre outros.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS BZ
TIMKEN

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

AXENDA DE ACTIVIDADES

GOIRIZ. A Asociación de Veciños de Goiriz celebra o 12 de outubro, o 90 aniversario da casa escola coa Romaría na honra á Virxe de Fátima, celebración que arrancará ás 13.30 horas coa misa na capela. A continuación terá lugar o xantar e a sesión de tarde estará amenizada con música e varias sorpresas. O menú consistirá en fideuá, polbo, carne asada con patacas, pan, bebidas, sobremesa, café e licor. Ten un prezo de 32 euros para maiores de 12 anos e de 16 para os de 6 a 12. Haberá agasallos para a persoas máis lonxeva e máis nova da xuntanza, para a reunión con maior número de persoas, para os máis bebedores e o máis maior acuda só.

LADRA. Celebra as súas festas os días 12 e 13 de outubro con misas ás 11.30, 12. 10 e 13.30. O sábado, logo do oficio relixioso, o programa continuará cunha procesión e sesión vermú a cargo de Los Adrianos, que terá dobre sesión na verbena da noite xunto a Fania Blanco Show. O domingo, despois do oficio relixioso, ás 13.30 horas, haberá sesión vermú co dúo Venus.

VILAPEDRE. A Asociación de Veciños de Vilapedre inicia un curso de ximnasia de mantemento a partir do 7 de outubro. As sesións terán lugar na casa escola de Vilapedre ás 19.30 horas todos os luns durante unha hora. A organización lembra que a sesión estará adaptada a todas as idades e que a primeira clase será gratuíta para probar sen compromiso.



NETE. A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol retoma este mes de outubro as actividades culturais e volve ofertar unha serie de obradoiros para os veciños da localidade. Haberá clases de música tradicional para nenos e adultos impartidas por Pablo Pintós, os mércores a partir das 21.30 horas. Tamén ofreceranse clases de teatro, os venres a partir das 21.30 horas; de ximnasia os mércores pola mañá, ás 11.30 horas, e os luns de zumba, ás 22.00 horas. Os interesados en inscribirse deberán poñerse en contacto coa asociación.

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 23 e 25 de setembro en Vilalba para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada xunto á capela do Santo, na parroquia de San Lorenzo de Árbol os días 23, 24 e 25 de outubro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas agás o 24, que tamén se fará o servizo de tarde, de 15.15 a 18.00 horas. É necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

BUXOS VERDES. O colectivo Buxos Verdes de Vilalba dará clases de pandeireta e canto todos os mércores no Conservatorio de Música de Vilalba. A sesión estará dirixida por Branca Villares e se desenvolverá entre as 17.30 e as 19.30 horas. As persoas que desexen informarse poden facelo no Whatsapp 650 797 048. As clases teñen un prezo de 16 euros para socios e de 20 para os non socios.

CLASES DE PANDEIRETA E CANTO
Branca Villares

16€ SOCIOS / 20€ NON SOCIOS

MATRÍCULA ABERTA
APÚNTATE XA !!!

CHAMA OU ENVÍA UN WHATSAPP
AO TELÉFONO: 650 79 70 48

BUXOS VERDES DE VILALBA

O PP inicia en Vilalba as reunións das propostas para os Presupostos

Os deputados do PP lucense no Congreso, Francisco Conde, Jaime De Olano e Cristina Abades iniciaron en Vilalba as reunións de traballo neste novo curso político para identificar as propostas da provincia aos Presupostos Xerais do Estado do vindeiro ano. O secretario xeral do PP lucense, Javier Vázquez Nodal, alcaldes, portavoces e concelleiros da comarca analizaron no encontro “os temas que máis preocupan na comarca” e comprometéronse a levar ao Congreso as súas reivindicacións.

Tamén abordaron, entre outros asuntos de actualidade, as necesidades da provincia en materia de infraestruturas, as demandas dos gandeiros ao Goberno de España, a débeda do Estado en materia de dependencia ou o financiamento territorial. Estes encontros cos que reforzan o “contacto directo” co territorio teñen un dobre obxectivo: achegar o traballo que desenvolven no Congreso dos Deputados e recoller as propostas que os veciños lles trasladan aos seus representantes en cada concello para levalas á Cámara Baixa. Os populares convidan ao Goberno de Sánchez a “poñerse do lado dos gandeiros e rebaixar a protección do



lobo en consonancia co acordado pola UE e co que demanda Galicia”. E lembraron que “o PSOE e Teresa Ribera -aínda ministra de Transición Ecolóxica do Goberno de Sánchez- votaran en contra no Consello da Unión Europea de rebaixar o status do lobo de especie ‘estritamente protexida’ a especie simplemente ‘protexida’ de forma que se permita o control da especie en territorios con superpoboación”. Tan só España e Irlanda se opuxeron a esta adaptación da normativa comunitaria.

“Este comportamento evidencia que a socialista non vai defender en Europa os intereses dos gandeiros lucenses nin da Terra Chá que sofren directamente as perdas que supo-

ñen os ataques do lobo”, indican. Galicia ten defendido en numerosas ocasións a necesidade de “adaptar a protección do lobo á realidade do noso territorio” para “garantir a compatibilidade da especie coa actividade gandeira”.

E ante as declaracións recentes do propio presidente do Goberno de que España manterá o status de protección do lobo, que foi incluído na LESRPE (Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial) fai tres anos; os deputados no Congreso seguirán impulsando iniciativas para que o Goberno de España rebaixe o seu status, tal e como acordaron esta mesma semana os representantes dos países da Unión Europea.

Vilapedre organiza o 12 a II Festa do Bo Xantar

Tralo éxito da primeira edición, a Asociación de Veciños de Vilapedre organiza o sábado 12 de outubro, a segunda edición da Festa do Bo Xantar que se fundamentará nun xantar.

Este consistirá en callos, polbo á feira, bebida, sobremesa, café e licor a un prezo de 35 euros con nenos gratis ata os 6 anos e de 6 a 12 a 15 euros.

Pero ademais da comida haberá outras actividades. Así, ás 12.30 está programada unha misa na capela do Santo Estevo, seguida dun-

ha sesión vermú co dúo Epo-K e, pola tarde, haberá música, sorteos, agasallos e, para os máis pequenos, unha merenda e un inchable gratuíto.

A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

Para a venta dos tickets, todo aquel que queira asistir, debe acudir antes do 7 de outubro ao restaurante O Paso e á Parrillada O Adro. Tamén poden chamar aos teléfonos de Fanny Prieto (682 270 203) e Leticia López (695 660 644).

Novo premio para os queixos Entrepinares

A empresa valisoletana Queserías Entrepinares está de paraben despois de alzarse coa medalla de ouro co seu queixo Entrepinares Orixe na categoría leite pasteurizada de ovella vello na nova edición dos Premios Cincho celebrada en Carrión de los Condes (Palencia).

Este queixo foi recoñecido polo seu sabor agradable, redondo e con notas de torrefacto e pódese atopar na cadea de supermercados Mercadona baixo o nome de Ovella Vello. De maduración alta, faise perfecto para que o consumidor perciba a súa textura elástica e soluble en boca e que lle resulte moi fácil para comer.

POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Vilalba esixe á Xunta a negociación sobre o canon de Sogama

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, advirte “do grave impacto sobre o orzamento municipal do ano 2025 que terá a subida do canon de Sogama anunciado pola Xunta de Galicia”, unha decisión unilateral do goberno galego “que unha vez máis afoga a economía dos concellos”.

Rouco únese aos numerosos alcaldes e alcaldesas de toda Galicia que esixen “unha rectificación e unha negociación cos concellos, xa que o incremento é desproporcionado”.

A Xunta anunciou hai uns días un canon único e incrementado para todos os concellos, que no ano 2025 pasará de 66 euros por tonelada de

residuo a 108 euros. No caso de Vilalba, esta subida suporá pasar de pagar uns 340.000 euros a 560.000 euros. Esta decisión únese á que tomou a Xunta no mes de xuño, cando fixo pública a intención de Sogama de suprimir a bonificación do 15% aos concellos que reciclaban de forma correcta.

“O imposto estatal ao que fan referencia para xustificar a decisión non foi creado polo Goberno central, é un imposto derivado dunha Directiva europea que xa se aplica na maioría dos países europeos en determinadas situacións”, lembra a alcaldesa.

Este imposto grava en concreto a incineración e o depósito en vertedoiro, “as fórmulas que usa Sogama de forma prioritaria, en contra de todas as recomendacións europeas e en vez de apostar por un plan de residuos que fomente a reutilización e a reciclaxe”.

“A viabilidade dos concellos está en risco e esta medida agrava a situación, non podemos continuar así, cando ademais no caso de Sogama o 49 % está en mans privadas”, remata Rouco, que demanda “diálogo e atopar solucións para que non sexan os concellos os que afrontan esta subida”.

O PP recrimina á alcaldesa que non poña en marcha o PAI

O PP afea que “a alcaldesa e o goberno bipartito non cumplan coas promesas que lles fixeron o curso pasado ás familias con nenos e nenas de menos de 3 anos. O que si se están a cumprir son os presaxios do PP que xa advertía da situación o mes de maio. A realidade é que estamos ante o inicio do curso 2024-2025, pero as obras para a construción do Punto de Atención á Infancia (PAI) aínda non empezaron” e, polo tanto, “as familias que o precisan non disporán deste servizo de conciliación”. Os populares lembran que “a Xunta aporta preto de 124.000 euros para a creación do PAI” e 60.000 para a renovación de vestiarios do pavillón do CEIP Antonio Insua Bermúdez. Neste caso, “tamén pola falta de axilidade do goberno municipal que debería telas programado para o verán”, as obras aínda están sen executar”.



Entregaron os premios do Concurso de Microrrelatos

O Concello fixo entrega dos premios aos gañadores da VI Edición do Concurso de Microrrelatos. Un certame que ten o obxectivo de fomentar o achegamento á lectura. Así, en categoría infantil, o gañador foi Nicolás Salgueiro Alonso con *Archienemigos*. O segundo foi para Duarte MariñoTorrado por *O Poliño Lector* e o terceiro resultou deserto. En xuvenil, Lucía Domínguez Perei-

ra logrou o primeiro premio con *Rebelde*. A segunda praza foi para Paula Pérez Cendán por *Soa* mentres que o terceiro recibiu María Fernández Escariz, por *Ondas*. En adultos, o gañador foi *Erro*, de Pedro Naveira Pedreira. O segundo foi para Sonia Martínez López por *Reflector*, mentres que a terceira posición foi para Carlota Millor Prado por *Salvavidas*.



Comezou a obra para reparar a ponte da Ribeira

Comezaron as obras de reconstrución da Ponte da Ribeira, que conecta as parroquias de Samarugo e San Simón.

Unha nova moi agardada pola veciñanza desta zona de Vilalba, que chega logo de que o Concello recibira da Confederación Hidrográfica Miño Sil e da Dirección Xeral de Patrimonio as autorizacións sectoriais para dar inicio ás obras.

Ademais doutros pequenos atrancos e paróns na execución, foi necesario agardar á baixada do caudal

debido a que, para a execución da obra, cómpre desviar a auga e o nivel do río non era o máis óptimo para a realización dos traballos. “Dende o día 1, tivemos claro que a obra era prioritaria e actuamos en consecuencia axilizando os trámites todo canto nolo permitiron os tempos da administración e a propia climatoloxía” explicou Renda. Esta obra conta cun prazo máximo dun mes de execución e o obxecto da mesma é darlle solución permanente á situación de risco.

Outorgadas máis de cen axudas para escolares

105 familias vilalbesas beneficiáronse das axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado de educación infantil, o que supón unha inversión de 9.975 euros con cargo ás arcas municipais. Así pois, do total de solicitudes presentadas máis do 80 % foron aprobadas, quedando excluídas aquelas que non cumprían coas bases da convocatoria. En canto ao importe das mesmas, o 82 % das subvencións concedidas corresponden á contía

máxima das axudas, por un importe de 100 euros, sendo a porcentaxe restante, achegas de 75 euros para cada alumno/a. “Este ano beneficiáronse das axudas 14 familias máis con respecto ao ano anterior” sinalou a rexedora vilalbesa, Marta Rouco, quen ademais explicou que se trata “dunhas axudas que xurdiron para cubrir os gastos de material escolar dunha franxa de idade que non conta con achegas de ningunha outra administración”.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



EN BREVE

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 21 e 24 de outubro nas Pontes para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará situada os días 21 e 22 no estacionamento disuasorio do polígono da Balsa e o 23 e 24 na Faeira. As revisións faranse en horario de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas, agás o 23 que será só de mañá. O 17 de outubro faranse as inspeccións de ciclomotores no circuíto Karts-Paseo Constitución en horario de mañá e tarde. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

RONDALLAS. A Rondalla Vila de As Pontes, coa colaboración do Concello das Pontes e a Deputación da Coruña, organiza o Festival de Rondallas, que vai ter lugar o sábado 5 de outubro ás 20.00 horas no cine Alovi. No festival actuarán o Coro Las Almenas e a Rondalla Migardesa ademais do grupo anfitrión do evento, a Rondalla Vila de As Pontes.

A FAEIRA. A parroquia celebra a fin de semana do 4 ao 6 de outubro as súas festas patronais comenzando ese mesmo venres cunha churrascada por 15 euros. O sábado a actividade dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne seguida dunha sesión vermú a cargo do grupo Galicia. Esta mesma orquestra unirase á Saudade para a gran verbena. O domingo 6 continuarán as celebracións con misa ás 13.00 horas cantada pola coral Airiños da Capela. A sesión vermú que virá a continuación, co dúo Venus porá o punto e final ás festas. Haberá carpa, bocatería e inchables.

CLUB DE LECTURA. A Biblioteca Rivera Rouco pon en marcha un novo club de lectura que estará dedicado en exclusiva á novela negra. As reunións terán lugar o último luns ou xoves de cada mes ás 20:00 horas na biblioteca municipal. As inscricións poden realizarse no teléfono 981 102 562 ou no correo biblioteca@aspontes.org. As prazas son limitadas.

As xornadas Terra de Cogomelos levan o outono á vila das Pontes

O Concello das Pontes aposta un outono máis polos cogomelos, organizando unha nova edición das xornadas micolóxicas As Pontes, Terra de Cogomelos. Esta será a 4ª edición dunha iniciativa que se desenvolverá ao longo dos meses de outubro e novembro e que ten como finalidade promover a cultura, a actividade física en espazos naturais, o turismo e, en definitiva a economía ao redor dos fungos e cogomelos presentes durante a outonía na bisbarra pontesa.

Elena López, concelleira de Promoción Económica e Turismo das Pontes e responsable da iniciativa, comentou que “esta edición consolida un programa que pretende completar a oferta que durante décadas impulsou nas Pontes a Feira de Fungos e Cogomelos, así como aumentar o impacto socioeconómico que xera na nosa localidade o gasto turístico das persoas afeccionadas á micoloxía que nos visitan desde todo Galicia”.

O programa deste outono conta con 15 actividades, todas elas gratuítas, pero con inscrición previa recomendable xa que hai límite de prazas na maioría delas. Unha edición máis inclúese unha serie de faladoiros e



saídas ao monte nos que diferentes especialistas de Galicia, achegarán ao público temáticas diversas como a identificación de especies, hábitats, técnicas de recolección e usos culturais e culinarios dos cogomelos. Actividades que se completarán con obradoiros de cociña tanto para público adulto como infantil, así como dous concursos de receitas nas que os ingredientes protagonistas serán os cogomelos.

A principal novidade deste ano serán os menús e tapas elaborados con cogomelos silvestres e de proximidade, que ofrecerán os establecementos de restauración e hostalería local para todos aqueles micófagos que se animen a probar estas delicias da nosa terra. Estas xornadas gastronómicas

celebraranse a derradeira semana de outubro e rematarán o domingo 3 de novembro, coincidindo coa 34ª edición da Feira de Fungos e Cogomelos.

A primeira actividade desta edición será un faladoiro na Casa Doutor Dopeso, o venres 4 de outubro ás 18:30, a cargo de Antonio Díaz, cocinheiro e micófilo eumés, que presentará os cogomelos de maior valor gastronómico presentes na comarca do Eume.

O día seguinte, o sábado 5 de outubro en horario de mañá, realizarase unha das actividades máis orixinais, consistente nunha ruta cicloturista para identificar fungos e cogomelos que será guiado polo divulgador e youtuber xermadés Luis Cuba.

Arrancan un ano máis o programa Eu almoço no cole e as axudas escolares

O Concello das Pontes destina preto de 85.000 euros para axudar ás familias pontesas durante o inicio do novo curso escolar.

Así, o concello das Pontes, dedica 48.000 euros ao programa municipal Eu almoço no cole, xestionado a través das ANPAS dos centros educativos de Educación Primaria do municipio e no que participan máis de 120 familias pontesas.

Trátase dun programa posto en marcha no ano 2019 e que ten como obxectivo prioritario axudar ás familias pontesa a compatibilizar a vida laboral e familiar ao tempo que promovemos hábitos saudables entre a poboación máis nova, a través de propostas de almozos baseadas no consumo de froitas ou lácteos e mediante actividades complementarias, de carácter lúdico, relacionados coa práctica de exercicio físico”.

Na mesma liña de axudar ás familias pontesas durante a etapa educativa dos seus fillos e filla, o Concello das Pontes destinou 35.000 euros ao programa municipal de axudas para a escolarización, dirixidas a atender os gastos orixinados polo inicio do curso escolar 2024-2025, do que se benefician 200 estudantes.

Volven os Xoves na Biblio

Arranca de novo o programa Xoves na Biblio das Pontes este mes coa celebración de cinco sesións, que deron comezo o día 3, co espectáculo *Lúa quere via-xar a.... Marte!*, de A Xanela do Maxín, dirixida a nenos a partir de 3 anos.

A seguinte cita será o xoves 10, unha representación teatral co título *Animadas* a cargo de Teatro Calavera, tamén apta para nenos a partir dos 3 anos.

Continuarán o día 17 con *A orixe*, de

Raquel Queizás, outra actividade dirixida ao público máis novo.

Teatro Ghazafellos serán o encargado da representación do día 24, co título *Monstros no camiño*, na que están citados os nenos e nenas maiores de 4 anos.

Concluirán cun obradoiro de Semaín para pícaros de 5 anos en adiante, que será o día 31.

As sesións serán coma sempre, ás 18.00 horas na Casa Dopeso e de balde. Precisa inscrición previa no teléfono 982 102 562.

OBRAS NO POBOADO DA FRAGA



O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de obras, Roberto Rivera Rego, visitaron as obras de mellora de pavimentos e servizos no Poboado da Fraga (sexta fase) para coñecer o seu avance, que consideran que van “a bo ritmo”.



A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS

A Deputación inviste preto de 73.000€ na mellora dun novo treito do Cinto Comarcal ao seu paso por Castro de Rei.

Os traballos, na LU-P-1611, entre os quilómetros 93,6 e 94,3, consistiron na mellora da drenaxe, o fresado da vía, a pavimentación do firme con aglomerado en quente e a instalación da sinalización horizontal.

A Deputación de Lugo vén de renovar o firme da estrada provincial LU-P-1611, á altura do concello de Castro de Rei. Esta actuación, que afecta ao cinto comarcal e é de especial relevancia para as comunicacións da provincia, súmase a outros traballos que está realizando a institución provincial noutro tramo desta estrada ao seu paso por Friol, Outeiro de Rei e Begonte.



CONSTRUCCIONES CHOLO



CHOLO, S.L. Os Freires - Mourence 1. 27800 VILALBA (LUGO)
Telf: 982 510 611 / Móvil: 639 305 633
cholosl@cholosl.com / www.cholosl.com



CIRCUÍTO TEATRO 20 PROFESIONAL 24



Señor López Produccións
A viaxe do Señor López



Itaca Teatro
Único minutos sen respirar



Bodega Teatro
O Pano



Itaca Teatro
Anacos



Trécola Produccións
Coa música a outra parte



Teatro do Miolo
Aruado do Germe



Microteatro Titeres
Alas de Gardón



Liló Teatro
Raza Avis



Pínoonís
Pínoonís



Trécola Produccións
Maestrólogo



Liló Teatro
Madness



Compañía S. do Dr. Morifate
Bachos, un home solo




Itaca Teatro
Formigas no peito



Liló Teatro
O vixilante dos soños



Satori Teatro
Masculino singular



Bodega Teatro
O mundo de Bertina



Teatro do Miolo
Aruado do cervo



Loia Produccións
Visitación Consolación
Acoláiz



Xamón Producción
María Balteira



Baixo da area Teatro
Poeta en Nova York



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA





Ponse en marcha a sexta edición do Programa Integrado de Emprego

O Concello das Pontes pon en marcha unha nova edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal, en colaboración cos Concellos da Capela e As Somozas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e cofinanciado polas entidades locais.

O Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, cunha duración de 12 meses, está dirixido á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas demandantes de emprego con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral mediante diferentes accións formativas.

A través deste programa formativo ofreceráse ao alumnado participante unha ferramenta de axuda e acompañamento especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais, acrecentando a súa empregabilidade para situarse, deste xeito, nunha situación máis favorable cara o mercado laboral.

O Programa Integrado de Emprego das Pontes inclúe un amplo abano de accións informativas, asesoramento, orientación laboral, de carácter individual, e un conxunto de sesións grupais organizadas entorno a adquisición de coñecementos sobre elaboración de currículum vitae, cartas de presentación, entrevistas de traballo así como habilidades sociolaborais e clases de coaching,

intelixencia emocional e motivación laboral, entre outras.

Ao mesmo tempo, o alumando adquirirá competencias profesionais demandadas polo tecido industrial e comercial da contorna a través de cursos e obradoiros sobre operacións con plataforma elevadora e operacións con carretilla elevadora e operacións con prácticas non laborais en empresas así como operacións con carretilla transpaleta e apilador (Categoría 1, Tipos 1 e 3). Tamén haberá formación para obter o título de monitor de tempo libre e de manipulador de alimentos e formación con prácticas non laborais en empresas sobre limpeza en instalacións e equipamentos e carpintería metálica.

O Programa Integrado de Emprego das Pontes tamén inclúe un curso de iniciación en competencias dixitais básicas, competencias dixitais básicas para o emprego, formación en igualdade de oportunidades, un curso básico de prevención de riscos laborais así como español elemental para persoas estranxeiras e unhas xornadas de motivación emprendedora.

A selección das persoas beneficiarias realizarase a través da dirección do programa e, para tal efecto, as persoas interesadas en formar parte do Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes poderán efectuar a inscrición, desde o día 2 de outubro, no IPPEC, situado na planta baixa da casa consistorial, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Licitan a construción dunha pista no Poboado da Magdalena

A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación do proxecto básico e de execución dunha pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da contorna.

Trátase dun proxecto cun orzamento de 181 427,40 euros, con cargo á Deputación da Coruña que ten como obxectivo prioritario mellorar a funcionalidade, seguridade, eficiencia enerxética e sustentabilidade dunha das prazas interiores do Poboado da Magdalena mediante a instalación dunha pista multideporte e o acondicionamento da súa contorna.

Nese sentido, desde o equipo de goberno apuntan que “nos últimos anos, o Concello ten levado a cabo obras de mellora da pavimentación dos itinerarios peonís que rodean os bloques de vivendas, así como a renovación das redes de saneamento, abastecemento e iluminación. Así mesmo no ano 2020 acometeuse a obra de recualificación da praza principal do poboado co obxectivo de mellorar a calidade ambiental da mesma así como a súa funcionalidade,



de, accesibilidade e seguridade co obxectivo de que o espazo recupere o carácter de punto de encontro da veciñanza que tiña perdido co paso do tempo dado o seu mal estado de conservación”.

“Continuando con esta liña de intervencións, agora buscamos a recuperación doutro dos espazos libres de maior tamaño do poboado, que desde fai anos está sendo utilizado desde hai anos como zona de xogos e deportiva” engaden desde o grupo de goberno. Con tal obxectivo, procederáse á reorganización do espazo tendo como prioridade o lecer e a

convivencia, creando un ámbito de xogo multideporte, renovando os itinerarios pavimentados, adaptándoos ás características dos xa remodelados na contorna.

Crearase unha pista de 20 metros de longo por 10 metros de ancho, para a práctica de fútbol, baloncesto e balonmán, formada por unha estrutura realizada en *tramex* composta por módulos de diferentes cores, con dúas portarías nos lados curtos, sobre as que se colocarán os taboleiros de baloncesto, completándose o equipamento con dous taboleiros de minibasquet.

As Pontes convoca axudas para asociacións veciñais e culturais

O Goberno local destinará 31.500 euros ás achegas destinadas ás entidades veciñais do municipio para o ano 2024. Estas subvencións están dirixidas ás entidades veciñais, en ánimo de lucro, inscritas no rexistro de asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial do concello ou sobre temas de interese para o municipio das Pontes.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven a cabo durante o ano 2024. Así, serán subvencionables gastos derivados da organización e realización das actividades sub-

vencionadas e o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas, os seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas, retribucións a persoal técnico e dos monitores que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade así como os gastos de mantemento (alugueiro, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina).

Tamén destinará 220.000 euros ás achegas para as entidades culturais do municipio no ano 2024.

Estas achegas, destinadas a entidades culturais privadas, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de

Asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan a súa actividade no municipio ou aborden asuntos de interese para a localidade, teñen como obxectivo prioritario dar apoio a ditas entidades e contribuir a que acaden os seus obxectivos, fomenten a participación cidadá, contribuíndo, deste xeito, a impulsar a democratización da sociedade, fomentar a defensa dos valores da igualdade de xénero e a linguaxe inclusiva.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven a cabo así como os gastos en infraestruturas e equipamentos.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





As Pontes prepara unha nova edición da Feira do Queixo para o día 13

A parroquia pontesa de Goente acollerá o domingo, 13 de outubro, unha nova edición da Feira do Mel e o Queixo, unha proposta que ten como obxectivo poñer en valor dous dos produtos esenciais da gastronomía do municipio.

Esta festa, que ten como finalidade promocionar e exaltar os produtos da gastronomía pontesa así como dinamizar o sector primario, comezará ás 10:00 horas, coa apertura dos postos de mel e queixo de produtores locais e chegados desde diferentes puntos da xeografía galega así como dos postos de artesanía e alimentación. A partir das 11:00 horas será a queda para os obradoiros de cociña, plantas e candeas e que terán continuidade ás 14:00 horas, ás 16:00 horas e as 18:00 horas

Ás 12:00 horas comezará unha degustación de petiscos elaborados a partir dos queixos de Eume e mel de Goente; da man Salomé Beiroa e André Arzúa, a través da que o Concello das Pontes quere poñer en valor a calidade, a versatilidade e as potencialidades do queixo e o mel local, por medio de

diferentes degustacións.

E finalmente, ás 17:30 horas o mago Roberto Lolo amenizará a sesión de tarde da Feira Asemade habilitarase un servizo de comidas para o público asistente, que ofrecerá un menú composto por callos, tenreira asada e requeixo con mel.

XORNADAS. Paralelamente terán lugar as Xornadas Apícolas do Eume, os días 12 e 13 e nas que serán a súa XXV edición.

As actividades comezarán o sábado ás 11.00 horas con dúas conferencias, unha sobre a preparación da invernada para seguir cunha análise dos resultados do plan apícola. Haberá unha parada para xantar e, ás 16.00, horas haberá outra charla co título Reflexión, actividades e concepto para os novos apicultores.

Por último, ás 17.30 horas, intervirán técnicos do Panega e da Casa do Mel para explicar os traballos de selección da abella autóctona. Desde a organización informan que para asistir ao xantar é necesario inscribirse no teléfono 661 003 316, antes do 7.

Retomarán o proxecto Espazo en Familia o día 7

O Concello das Pontes retoma o día 7 o programa de apoio socioeducativo Espazo en Familia, dirixido a todas as familias pontesas con fillos e fillas menores de idade escolarizados nos centros educativos das Pontes.

Así, a luns darán comezo as sesións grupais do programa, nas que, cunha periodicidade quincenal, se abordarán cuestións relacionadas coas etapas evolutivas da rapazada, coa xestión das emocións, cos principais ricos das pantallas e a prevención das adicións así como temas relacionados coa comunicación cos menores, o establecemento de límites e normas, as estratexias e resolución de conflitos ou os estilos educativos sobreprotectors, entre outras cuestións.

Esta iniciativa, en palabras de Tania Pardo, responsable da área de Benestar Social do Concello das Pontes “ten como obxectivo prioritario ofrecer aos pais e nais un lugar para

compartir as súas inquedanzas sobre a crianza e educación dos seus fillos e fillas e poder abordalas con éxito, buscando que e as familias que participen neste programa, coa axuda de profesionais no ámbito da educación social, da terapia familiar e da psicoloxía e educación infantil, aprendan a desenvolver accións de crianza positiva que faciliten e promovan o desenvolvemento dos seus fillos e fillas”.

O programa inclúe tamén sesións individuais, encamiñadas a abordar temas máis personalizados das familias, creando un acompañamento personalizado no camiño da crianza e coloquios mensuais nos que se tratan temas de interese para as familias, da man de persoal técnico especializado en cada tema.

Todas as familias interesadas en participar nesta primeira sesión grupal, que se celebrará no segundo andar do Mercado Municipal, poden inscribirse no concello.

SOLIDARIEDADE



As usuarias do Taller de Coidados, posto en marcha no ano 2019 polo Concello das Pontes, recadaron durante a celebración da IX Cita coa Historia, 870 euros que irán destinados á asociación Miradas que hablan, para a investigación da síndrome infantil MECP2 que se está a desenvolver no Hospital San Juan de Dios.

Regresa o cine de estrea ao auditorio

O cine de estrea regresa, esta fin de semana, ás Pontes, tras o descanso estival. Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura recorda que o cine é unha das apostas culturais do goberno local con maior acollida entre a veciñanza, especialmente entre o público familiar; “desde o ano 2017, data na que lle ofrecemos á veciñanza acceso a unha carteleira actual e en formato dixital, máis de 36.800 persoas espectadoras pasaron pola Casa Dopeso a gozar dos máis de 263 títulos programados”.


“Estas cifras acreditan o respaldo a esta proposta cultural e animanos a seguir apostando por achegar á veciñanza unha programación cinematográfica, de estrea, dixital e de calidade”, engade a concelleira de Cultura.

A programación do mes de outubro arrancará coa proxección, o sábado 5 de outubro, ás 17:00 horas, do filme *Gru 4, mi villano favorito* que se proxectará tamén ás 19:30 horas. A proposta para o público adulto é *Romper el círculo* (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas).

A seguinte fin de semana as películas que se proxectarán serán *Buffalo Kids* (sábado e domingo, ás 17:00 horas) e *Volveréis* para o público adulto (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas).

A terceira fin de semana estarán en carteleira, para o público familiar, *Héroes de Central Park* (sábado e domingo, ás 17:00 horas) e para o público máis maior *Bitelchús Bitelchús* (sábado, ás 18:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas).

Os días 26 e 27 de outubro será a quenda para *Zak y Wowo* que se proxectará o sábado e o domingo ás 17:00 horas e ás 19:30 horas. Ás 22:00 horas, para o público adulto, o título escollido é *El Club de los milagros*, que se proxectará tamén o domingo ás 19:30 horas.



construfer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

ebos
pastelería doce

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

Acordo para desenvolver chan industrial e conservar a cheminea

O Concello das Pontes aposta por conciliar a conservación da cheminea da Central Térmica co desenvolvemento de chan industrial, o emprego e a recuperación da potencia industrial das Pontes, prioridades absolutas do goberno local. Nese sentido, desde o Concello das Pontes apuntan que o goberno municipal defenderá e esixirá que “ante una posible incoación dun expediente de declaración BIC, a Xunta de Galicia e Endesa deberán garantir, non só a compatibilidade do desenvolvemento industrial dos terreos senón tamén o mantemento dos prazos previstos para o desmantelamento e o emprego asociado”.

“Os terreos da Central Térmica deberán supoñer un novo impulso industrial, unha superficie superior aos 300.000 metros cadrados que debe poder albergar novos proxectos industriais, cuestión prioritaria para nós e para a maioría social das Pontes tamén”, indican desde o Concello das Pontes. Desde o Concello sinalan ademais que “imos tratar de compatibilizar esta prioridade coa protección e supervivencia da cheminea. Para isto, temos por diante moito traballo técnico, que acredite esta compatibilidade. Deste o punto de vista do patrimonio e da zona de protección que se estableza para determinar, ata que punto, afectará á posible utilización de este chan para instalar novas empresas e tamén desde o punto de vista da seguridade industrial para aclarar canta superficie arredor da cheminea se anularía para outros usos”. Por outra banda, desde o Concello



das Pontes sinalan tamén que “é preciso garantir que o mantemento e posta en valor de calquera dos elementos susceptibles de ser preservado non suporá ningún custo nin prexuízo económico para o Concello das Pontes e os veciños e veciñas. É prioritario para nós que quede claro quen vai sufragar o mantemento da cheminea ou calquera outro elemento, en ningún caso será o Concello”.

“Aínda que a lei establece a esixencia de que recaia no titular do ben, Endesa podería recorrer á xustiza e quedar exonerada de dita obriga, cargándolle a mesma a outras administracións, como aconteceu no País Vasco con Altos Hornos” engaden desde o Concello das Pontes.

O salón municipal do Concello das Pontes acolleu un pleno extraordinario para debatir este tema a instancia dos grupos da oposición e no que tivo lugar tamén a toma de posesión como concelleiro de Manuel Rodríguez López.

O Pleno aproba investimentos por valor de 2,7 millóns de euros

O pleno do Concello das Pontes aprobou, durante unha sesión plenaria ordinaria, un investimento, en obras e servizos por valor de 2,7 millóns de euros.

Entre as actuacións aprobadas destaca a mellora do acceso aos Alimpadiros (47.941 euros), as obras de reposición e mellora de pavimentos e beirarrúas no Poboado da Magdalena (48.183 euros), a reparación da cuberta da base de Protección Civil, instalada no Polígono dos Airios (30.000 euros), a reparación da cuberta do edificio no que se sitúa a asociación A Xanela (32.000 euros) e a impermeabilización da beirarrúa Otero Pedraio que permitirá rematar con problemas de filtracións na Piscina Municipal (30.250 euros).

Así mesmo aprobouse unha partida de 30.000 euros para o saneado e mellora de firme en camiños, outra de 96.000 euros para a reparación do paso sobre o Río Chamoselo en Pedrafitas e destinaranse 56.000 euros á construción de vestiarios no polideportivo da Magdalena.

O pleno tamén aprobou unha partida de 60.000 euros para a climatización do ximnasio da piscina municipal, 24.884 euros para o proxecto de reforma interior parcial do mercado municipal e 18.000 euros para a reposición dos elementos biosaudables do parque municipal e a mesma cantidade para o mantemento do chan do parque infantil da rúa Colvelos.

No ámbito dos servizos, entre outros, aprobouse a creación dunha plataforma para xestionar o material e instalacións municipais (18.000 euros), a posta en marcha dun inventario de muiños do Concello (17.172 euros). Tamén se aprobou o crédito para a adquisición de nova iluminación led para o Auditorio Municipal Cine Alovi (18.000 euros) o deseño



e impresión de material para a promoción turística das Pontes (18.000 euros) así como para a renovación do estudo da radio e televisión local (2.000 euros).

POS ADICIONAL 2024. Durante a sesión tamén recibía o respaldo de toda a Corporación unha inversión de 1,7 millóns de euros, procedentes da Deputación da Coruña, mediante o Plan de Obras e Servizos Adicional para 2024, e que terán como destino cinco proxectos e gasto corrente.

Así, 294.672 euros irán para sufragar gasto corrente 2024 derivado do funcionamento diario do propio concello; 179.465 euros serán para o proxecto de mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da Rúa Rego do Muíño, no tramo comprendido entre os números 3 e o 44; 207.862,90 euros irán destinados á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Lugo, entre os números 1 e 19; e outros 109.346 euros servirán para mellorar o firme e a seguridade viaria no Paraño.

Asemade, destinaranse 284.000 euros a dous novos proxectos non incluídos inicialmente no Pos Adicio-

nal e que son: a mellora de servizos e beirarrúas na rúa da Casilla que implicará unha inversión de 205.000 euros e o reforzo do firme nos viarios de Porto do Souto, Alvarón e Cabeza dos Fornos cun desembolso de 78.558 euros.

SAF. O Pleno deu luz verde, por unanimidade, á licitación do novo contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), na modalidade de dependencia, e no que se investirán 8.034.312 euros. A edil de Benestar Social apuntou que o novo prego inclúe unha actualización do prezo do servizo que, deste xeito, se axusta á realidade do sector, o que vai permitir incrementar en 7 euros /hora, ata os 24,35 euros/hora, a cantidade que percibirán as traballadoras que prestan este servizo, con respecto ao contrato anterior.

Os 150 usuarios e usuarias non van ver incrementada a súa cota de copago e deu conta do compromiso do executivo local de seguir a manter un servizo básico, de calidade, que é un dos piares do estado de benestar malia que, ao seu xuízo, debe ser a administración autonómica a que dote aos concellos de máis recursos para poder afrontar esta situación e que non recaia nas arcas municipais esta suba de prezos.

O contrato, que terá unha duración de dous anos, prorrogables dous máis, suporá unha inversión de 1,8 millóns de euros ao ano, e inclúe a atención a persoas ou unidades de convivencia, no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu domicilio, atendendo a persoas maiores con déficit de autonomía e con discapacidade así como a fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.

MOBILRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqvarna Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

4ª Xornadas

AS PONTES,
TERRA DE
COGOMELOSOutono
micolóxicooutubro - novembro
2024

FALADOIROS na Casa Doutor Dopeso

4

DE OUTUBRO

OS COGOMELOS DE MAIOR VALOR GASTRONÓMICO
PRESENTES NOS HÁBITATS DA BISBARRA DO EUME

Antonio Díaz - Cocifeiro especialista en cogomeiros

18

DE OUTUBRO

ETHNOMICOLOXÍA NO NOROESTE IBÉRICO. GALICIA E
NORTE DE PORTUGAL (TESE DOUTORAL)

María Cabaleiro - Doutora en micoloxía pola Universidade de Vigo

25

DE OUTUBRO

PRESENTACIÓN DA GUÍA MICOLÓXICA BÁSICA DA
PROVINCIA DE LUGOJulián Alonso, Jose Castro, María Cristina García-Echave e
Antonio Rigueiro - Sociedade Micolóxica Lucus

8

DE NOVEMBRO

PRESENTACIÓN DA GUÍA MIXOMICETOS DE GALICIA
E NORTE DE PORTUGALÓscar Requejo Martínez e Floro Andrés Rodríguez - Grupo
Micolóxico Galego Luis Freire

ROTEIRO CICLOTURISTA

5

DE OUTUBRO

ROTEIRO EN BICICLETA DE IDENTIFICACIÓN
DE ESPECIES

Luis Cuba - Divulgador e Youtuber micolóxico

SAÍDAS AO MONTE

para público adulto

19

DE OUTUBRO

IDENTIFICACIÓN DE FUNGOS E
COGOMELOS NO COUTO MICOLÓXICO DO
MONTE FORGOSELOHugo Fernández - MycoGalicia Plantae,
Universidade de Vigo

2

DE NOVEMBRO

IDENTIFICACIÓN DE COGOMELOS
CON VALOR GASTRONÓMICOAntonio Díaz - Cocifeiro especialista en
cogomeiros

SAÍDAS AO MONTE

para familias

13

DE OUTUBRO

OS COGOMELOS COMO RECURSO
AMBIENTAL E PEDAGÓXICORubén Villaseñin e Miriam Miramontes -
Asociación Amabul

OBRADOIROS DE COCINA

para público adulto e infantil

2 talleres con **Gabriel Quespe Peña** - Cocifeiro
gañador da 1ª edición do concurso "Mellor
cocifeiro de Cogomeiros"XORNADAS MICROFORMATIVAS DIRIXIDAS A
PROFESIONAIS DA HOSTALERÍA

(3 sesións teórico - prácticas)

CONCURSOS
GASTRO-MICOLÓXICOS
DE RECEITAS A BASE DE COGOMELOS
(ata o 12 de novembro)2ª EDICIÓN dirixida a centros de
hostalería de Galicia e cocifeiros/as
profesionais3ª EDICIÓN dirixida a persoas
afeccionadas á micogastronomía

MÁIS INFORMACIÓN:

604 04 73 37
terrdecogomeiros@gmail.com

INSCRÍBETE:



PASEOS MICOLÓXICOS

para público escolar

Saídas de identificación guiadas pola
Asociación Poupariña con todos os centros
de primaria e secundaria das Pontes

MICOGASTRONOMÍA

MENÚS e TAPAS nos establecementos
hostaleirosAs Pontes de
García Rodríguez

Friol será o primeiro municipio no que se repetirán as rutas guiadas do GDR

O GDR-4 e os concellos do xeodestino Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) repetirán este ano as camiñadas turísticas que se estrearon o ano pasado e que se celebran co apoio de Turismo de Galicia e a dirección de Guido Guía.

Celébrase esta segunda edición avalados polo éxito do primeiro ciclo, que tivo un promedio de 127 asistentes por xornada. Friol será nesta ocasión o primeiro dos lugares onde se retomen estas rutas o 26 de outubro, sábado. Como no resto das xornadas será unha actividade gratuíta e terá como punto de arranque e final do paseo guiado a Praza Andón Cebreiro. O horario previsto é de 11.00 a 14.00 horas.

A maiores do paseo está previsto facer un xantar que contará cun menú especial con produtos da comarca, deseñado e ofrecido pola Taberna de Friol (reservando no teléfono).

Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do Xeodestino e o GDR-4, xunto a Guido Álvarez Parga.

EN BREVE



ANDAINA. Friol acolleu unha nova edición da Andaina Popular, que se adiantou ao mes de setembro e que estivo protagonizada pola chuvia, que restou algo de público. Trátase dunha actividade impulsada polo Concello e o CPI Doutor López Suárez e que ten como obxectivo potenciar o deporte na sociedade. O percorrido foi de case sete quilómetros e arrancou dende a casa consistorial ata Cotá pasando polo Dolme da Moruxosa e polo Camiño Real.



EXCURSIÓN. Un grupo de maiores do Concello de Friol participou, unha vez máis, nunha excursión para o disfrute dos seus veciños e veciñas de maior idade. A viaxe comezou diante da casa do Concello ás 8:30 para visitar as zonas de Caión, Malpica, Cambre e Ares. A totalidade dos custes e a organización da viaxe foron con cargo a fondos propios do Concello.

O Concello suspende a Feira de Gando debido á propagación da EHE

O Concello de Friol decidiu suspender a edición número doce da súa feira de gando vacún de carne, que este ano se celebraría o sábado día 28 de setembro debido a propagación da enfermidade EHE.

Esta decisión tómase por parte do Concello con sentido da responsabilidade e seguindo os consellos dos técnicos sanitarios que aconsella non realizar este tipo de eventos, no que se aglutinan grandes cantidades de animais, debido ao incremento de casos da EHE (Enfermidade Hemorráxica Epizoótica) na zona de afección do municipio e en toda a comunidade galega.

Con esta medida téntase evitar, ou polo menos axudar a frear, a propagación da enfermidade entre as gandaría asistentes ao evento.

O Concello e Friol e os servizos veterinarios xa tiñan todas as gandaría inscritas, un total de trece, con case 170 cabezas participantes, das cales dez serían para a poxa, que un ano máis se ía celebrar nesta Feira.

Ademais, como novidade en esta edición, ía expoñerse unha mostra de gando autóctono, en total habería unhas dez cabezas. A pesar de ter todo organizado, desde o ente organizador optan por cancelala e non correr riscos innecesarios nun momento tan delicado como o que se está vivindo nas explotacións galegas.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, resalta que “a gandería dedicada a produción de carne, é un dos sectores máis importantes do noso municipio, no que a parte de axudar ao seu impulso, debemos de protexelo e coidalo, polo que a celebración desta feira de gando vacún de carne sería moi importante para o sector en particular e para o pobo en xeral, pero nestes momentos, dada a situación actual parécenos máis importante ser cautos e coherentes, tentando limitar así, na medida das nosas posibilidades o aumento da incidencia e a expansión da EHE”.

Veciños de Friol viaxarán gratis a Santiago para ver unha obra de teatro

Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego facilita un autobús gratuíto en varios concellos para acudir o sábado 12 de outubro ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de Terceiro Acto.

Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros.

Previamente ó teatro, haberá algo de tempo libre para gozar de Compostela.

O autobús sairá de Friol ás 15.50 horas da praza de España e a función é ás 18.00. Regresarase ás 20:30 horas.

As inscricións son no Concello de Friol, no 982 375 001 e en cultura@concellodefriol.es.

O museo incorpora un sistema para persoas con baixa visión

A Rede Museística Provincial ultima a implementación nos catro museos dun novo sistema de comunicación para facilitar que as persoas con baixa ou nula visión poidan moverse de forma independente no interior dos museos mediante un sistema de guiado con instrucións vocais.

A través duns códigos de cores situados en distintos puntos dos museos que poden ser identificados por dispositivos móbiles a unha distancia de ata 10 metros (sen necesidade de

seren enfocados con precisión por cámaras), as persoas que visiten os museos poderán obter información accesible en tempo real sobre o espazo e as obras de arte. O sistema, que se porá en funcionamento nos catro museos de forma completa o 10 de outubro, funciona a través da aplicación Navilens.

O Departamento de Capacidades Diferentes e Accesibilidade, que desenvolve as accións encamiñadas nesta liña cumpriu os 18 anos de

vida facendo un balance das actuacións de diferente índole realizadas, desde intervencións arquitectónicas ata a instalación de sinalética, ou a implementación de estratexias de comunicación e a adquisición de materiais para facilitar que todas as persoas poidan acceder ao patrimonio e ás actividades dos museos e tamén a incorporación ao persoal dos museos de traballadoras e traballadores con capacidades diferentes, que colaboran e impulsan este proceso.

A Deputación mellora a estrada provincial que comunica Feira do Monte con Muimenta.



Estas obras, que contan cun investimento da institución provincial de preto de 250.000€, afectan a un tramo de 6 quilómetros desde o inicio da vía, e consisten na limpeza das cunetas, drenaxe, pavimentación e sinalización.



CONSTRUCCIONES
CHOLO



ORGANIZACIÓN CERTIFICADA
CERTIFICADO N.º 288718
CERTIFICADO N.º 107019
CERTIFICADO N.º 842718

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Con esta intervención, a Deputación de Lugo mellora a comunicación entre a Feira do Monte e Muimenta, os dous núcleos máis relevantes de Cospolto. Ademais, esta vía comunica con outros puntos da comarca da Terra Chá e facilita o acceso o transporte de mercadorías que é moi frecuente pola numerosa actividade agrícola e gandeira desta comarca.



CHOLO, S.L. Os Freires - Mourença 1. 27800 VILALBA (LUGO)
Telf: 982 510 611 / Móvil: 639 305 633
cholosl@cholosl.com / www.cholosl.com

Invisten preto de 224.000 euros para mellorar os camiños rurais

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Friol, José Ángel Santos. Na xuntanza, celebrada na Delegación da Xunta en Lugo, abordáronse diversos asuntos de interese para o agro deste concello, en particular as diferentes axudas aprobadas pola Consellería para mellorar as súas infraestruturas rurais.

Así, a titular de Medio Rural puxo en valor a achega de preto de 224.000 euros en total por parte do seu departamento para varias intervencións en Friol ao abeiro do Plan Marco de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2024-2025 e tamén do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, unha nova liña de axudas publicada este ano.

No primeiro caso, do Plan Marco, Friol beneficiarase dunha axuda que supera os 93.000 euros. A finalidade destas achegas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas,



incluíndo actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Con respecto aos camiños das parcelarias, Friol recibiu en total case 131.000 euros. Este municipio lugués é un dos 38 concellos galegos que cumprían como requisitos ter dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, conter un mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e unha porcentaxe do

uso da terra superior ao 39 %. Ademais de abordar estas cuestións, a conselleira e o rexedor trataron tamén temas relacionados coa mobilización de terras neste concello, que destaca como referente en Galicia no eido das permutas de especial interese agrario, unha figura enmarcada dentro da Lei de recuperación da terra agraria. Así, por medio desta ferramenta lévanse xa mobilizadas arredor de 300 hectáreas no seu termo municipal.

Comezan as obras de rehabilitación do CPI



A Consellería de Educación acaba de iniciar as obras do proxecto de rehabilitación e illamento dun dos edificios do Centro Público Integrado Dr. López Suárez de Friol.

A empresa adjudicataria do proxecto trátase de Illamentos Hondigo S.L, a execución das obras está previsto que finalicen no mes de novembro.

Unha das actuacións que levarán a cabo será a mellora de eficiencia enerxética mediante substitución de xanelas, illamento das fachadas con sistema de illamento térmico polo exterior e substitución de luminarias por equipos LED.

O alcalde destacou a importancia deste proxecto, “dado que era a

parte do único edificio que quedase sen rehabilitar no anterior proxecto executado pola Xunta fai uns catro anos, onde a través da Consellería de Educación investiu case un millón de euros”.

“Satisfeito e agradecido á Xunta de Galicia pola sensibilidade que ten sempre coas demandas do Concello de Friol, dado que a rehabilitación desta fachada era unha necesidade evidente e que beneficiará dunha maneira moi importante ao colexio público de Friol e por suposto aos nenos e nenas que se forman e realizan labores educativos nas devanditas instalacións”, conclúe o mandatario.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

EN BREVE



EDUCACIÓN. A deputada do BNG no Parlamento Galego, Montse Valcárcel, asistiu á concentración convocada polas familias do CEIP de Guitiriz, onde co novo curso non se produciu o desdoblamento do grupo de 2º de primaria no centro de ensino. Valcárcel afirmou que esta medida “reduce a calidade do ensino público, ao aumentar a ratio de alumnos por aula”, e criticou que o PP desde a Xunta de Galiza “leva 15 anos recortando e desprestixiando o ensino público”.



FOTOGRAFÍA. O Concello fixo entrega dos premios aos gañadores do certame fotográfico Mi rincón favorito de Guitiriz, iniciativa que se enmarca dentro dun proxecto maior que une a municipios de todo o país e que entregará premios a nivel nacional. O primeiro premio, dotado con 200 euros, foi para Carmen Blanco Purriños, de Xermade, mentres que o segundo premio, con 100 euros de recompensa, foi para Mónica Vila Ferreirós, de Vilanovade Arousa. No certame participaron máis de 50 fotografías



UNED SÉNIOR. Deu comezo o curso 2024/25 da UNED Sénior Coruña, con aulas en Guitiriz. Os 50 alumnos da clase de Historia recibiron a formación sobre o Pazo de Goián, en Boiro, dentro do programa Coñecer Galicia a través dos Museos. Tamén deron comezo as clases de saúde pública, música, informática e inglés.

Guitiriz festexa por todo o alto os cen anos da Escola Habanera

A Escola Habanera de Guitiriz encheuse de historia, lembranzas, cultura, música e gastronomía, galega e cubana, nunha xornada moi especial para seguir celebrando o centenario da súa apertura.

Este acto serviu como reencontro para moitos ex alumnos e alumnas, profesores e profesoras, que viviron algunha etapa da súa vida educativa nesta escola. Xente como Josefa, Antonio de Ansede, Maximino, Alfonso Blanco ou Manolo Cachán contaron as súas anécdotas e lembranzas dos anos que pasaron formándose na Habanera. A súa historia escoitouse en toda a provincia a través dun programa de Radio, que se emitiu en directo desde Guitiriz, e que contou coa participación de Juan Carlos Vivero (Lousada, Xermade), que realizou o estudo *A sociedade de instrución e recreo Progreso de Lousada*. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destacou a importancia da emigración para a nosa sociedade “no pasado pero tamén agora” e



amosouse “orgullosa de poder contar en Guitiriz cun edificio como este, que non é só unha parte da nosa historia se non que ten vida propia coas actividades e eventos que alberga ao longo do ano”.

A Casa Habanera tiña as súas portas abertas a calquera que desexase achegarse a desfrutar da xornada. Foron moitos os veciños e veciñas do municipio que asistiron ao acto e aproveitaron para desfrutar dun convite con música cubana a cargo

do grupo SonBoleros e pinchos típicos do país caribeño, da man do Iberik Gran Balneario de Guitiriz.

O acto forma parte da programación especial do Concello de Guitiriz para celebrar o centenario da apertura de portas da Escola Habanera, un dos edificios máis emblemáticos e importantes do municipio.

A biblioteca mantén aberta a mostra *O soño cubano da emigración galega*, unha das actividades programadas para celebrar do centenario.

EN BREVE

BAILE. O Concello oferta de novo as clases de baile para persoas maiores de 50 anos. Esta proposta comezará o próximo martes 15 de outubro e celebrarase todos os martes e os xoves ás 18 horas no ximnasio do IES Poeta Díaz Castro. As persoas que desexen participar poden anotarse ata o 10 de outubro ou ben ata completar aforo. O prezo da inscrición varía entre os 15 e os 17 euros.

MIRAZ. A parroquia de Miraz contará cun curso de manualidades a cargo de María Folgueira durante este inverno. Na formación, que se desenvolverá os venres de 16.30 a 19.00 horas, aprenderase sobre cestería, tapicería e pintura. As persoas poden anotarse no 628 765 601.

As escolas deportivas municipais chegan ata as 600 persoas inscritas

O Concello de Guitiriz pechou o prazo de inscrición para participar nalgunha das propostas que incorporan as Escolas Deportivas Municipais para o curso 2024/2025 con preto de 600 persoas inscritas.

A oferta deportiva inclúe: fútbol sala, ximnasia rítmica, patinaxe, tenis de mesa, ximnasia para adultos, actividades aeróbicas (aerobic, zumba, step), zumba infantil, atletismo e campo a través, pádel, tiro con arco, pilates e ioga. Ademais, a través do convenio establecido co

centro D10 de Outeiro de Rei, ofreceuse a posibilidade de practicar natación e tenis.

O concelleiro de Deportes, Iván Morado, destaca que “é a cifra máis alta acadada dende que están en funcionamento as escolas” e agradeceu “aos clubs, que sempre están dispostos a colaborar, porque sen eles todo isto non será posible”. “A nosa prioridade é seguir impulsándoas, adaptándonos ás demandas da veciñanza como fixemos nos últimos anos”, afirma

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACONONES
REVUELTOS ALCO PARA PICAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO DE BARRIL ALCO PARA SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

RODEGA

PARTICULAR COMPRA CASA

REQUISITOS:

- Casa independente e illada polo menos 40-50m ata o próximo veciño (en bo estado ou pouca reforma).
- Terreo adxunto a casa de polo menos 4.000m² (Posibilidade de comprar ata 3 Has) (maiormente a pasto).
- Mínimo 3 dormitorios.
- Cociña ampla e se é posible soleada.
- Zona fresca para gardar colleita.
- Anexos como garaxes, cuadras, taller ou similar.

Teléfono: 644 260 303 - Correo: jg433jg@gmail.com

Reclaman á Xunta a suba de Sogama e medidas pola EHE

O Pleno do Concello de Guitiriz aprobou a modificación de varias ordenanzas e prezos públicos así como unha reclamación á Xunta polos prezos de Sogama.

Así unha das primeiras medidas aprobadas foi a modificación do Regulamento Orgánico Municipal., cos votos a favor do PSOE, a abstención do PP e en contra do BNG.

Ademais, coa oposición dos populares e a abstención do BNG aprobouse tamén a modificación da

ordenanza fiscal reguladora da taxa de entrada de vehículos (*vados*) e o acordo regulador do prezo público polo servizo de *catering* da escola infantil.

No Pleno presentaron tanto PSOE como BNG cadansúa moción en relación á suba do canon que os concellos abonan a Sogama pola xestión dos seus residuos. Nos dous casos votou en contra do PP pero foi aprobado por maioría.

O BNG presentou outra moción na

que pedía reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central medidas urxentes ante a incidencia da enfermidade hemorráxica epizootica. Neste punto tamén foi unánime o voto da esquerda e a negativa do PP. Tratouse por urxencia a proposta do PSOE sobre o expediente do contrato mixto Servizos enerxéticos do alumeadado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz. Foi aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e en contra do BNG.

Remata a rehabilitación da escola de Pedrafita para ser centro social

Remataron as obras de rehabilitación da antiga escola de Pedrafita, que unha vez abra as súas portas pasará a ser un centro social. O edificio atopábase nun estado de conservación deficiente que impedía o seu aproveitamento, polo que o goberno local decidiu investir 206.686,71 euros para a súa posta a punto. Para a súa rehabilitación utilizáronse materiais similares ao resto de edificacións da zona para conseguir unha adecuada integración na contorna. Realizáronse traballos como a renovación da cuberta e da súa estrutura, a demolición da escaleira exterior e a realización dunha nova, a planificación dunha nova distribución para os aseos, a instalación dunha nova ventilación mecánica e climatización mediante aerotermia, a execución de novas instalacións de fontanería, saneamento e electricidade, a re-



novación das carpinterías exteriores por outras de madeira pintada de branco e o acondicionamento da fachada.

Con esta rehabilitación, o Concello de Guitiriz recupera un edificio que pasará a ser importante no municipio e que será aproveitado como

centro social do que poderán gozar os veciños e veciñas.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que “o goberno local segue a apostar por rehabilitar e dar vida aos edificios do Concello para aumentar e mellorar os servizos municipais para a veciñanza”.

ANIVERSARIO CENTENARIO POR PARTIDA DOBRE



O Concello de Guitiriz quixo sumarse á celebración do 101 aniversario da veciña Pilar Calvo Lobeiras, que vive no lugar dos Vilares. Fíxoo rodeada da súa familia, soprando as velas cos seus bisnetos, María e Iker. Tamén se sumou á celebración do centenario da veciña Segunda Roca Codesal, que vive no lugar de Lamela (Pígara). A concelleira de Servizos Sociais, Sofía Sánchez visitounas na súa casa neste momento tan especial para levarlles un agasallo.




José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas


Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138





JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Calle Freires Mourence, Vilalba
Casa / Chalet independente | 4 Dorm | 1 Baño | 250m² 300.000€
En la salida de Vilalba (Lugo), en dirección Ferrol, ofrecemos en venta una propiedad de unos 8.495 metros cuadrados, en la que está enclavado un chalet de unos 250 metros cuadrados, que se distribuye en tres plantas: planta baja o sótano destinado a garaje de unos 122 metros cuadrados, planta alta a nivel de la calle de 131 metros cuadrados y planta bajo cubierta, actualmente destinada a trastero. A mayores en la finca es posible segregarse parcelas de 500 metros edificables. La propiedad tiene buena ubicación; pues, está situada a menos de 1 km del centro del pueblo, tiene cerca una playa fluvial y la A-8 se puede coger aproximadamente a 1 km de la casa.

Campelos, Vilalba
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² 340.000€
En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un horreo.

LU-861 13, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.177m² 25.000€
En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Mondoñedo s/n, Vilalba
Terreno / Urbanizable | 382m² 5.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.

Calle Lameirón, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650m² 90.000€
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Ribadeo, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 184m² 118.000€
En Vilalba (Lugo), en zona centrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene plaza y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.

Suso Gayoso 11, Vilalba
Local | 280m² 150.000€
Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 112m² 116.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso centrico, con orientación oeste, de tres habitaciones, sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero.

Calle Porta de Cima 37, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 58m² 48.000€
En Vilalba (Lugo), en calle centrica; pero con escaso tráfico rodado, se vende piso primero sin ascensor, en el que hoy dos habitaciones y sala, un baño y cocina instalada.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

rábade

O Pleno aproba a subida do IBI, medida criticada pola oposición

Os concelleiros independente de Rábade, presididos polo ex alcalde Francisco José Fernández Montes, cargaron contra a decisión do Goberno local de subir un 20% o IBI, que se aprobou en Pleno coa maioría popular. Segundo explican, a alcaldesa defendeu esta suba alegando que os concellos da contorna o teñen máis alto e que facía moito que non se subía.

“O IBI xa se sube en función do prezo das vivendas e agora vemos que esta subida é esaxerada e afecta directamente aos veciños e veciñas. Loxicamente que levaba tempo sen subirse xa que nós non o subimos”, dixo Montes.



Tamén se aprobou unha modificación de crédito de máis de 81.000 euros que se van extraer dos remanentes de tesourería. “Sácanse os cartos dos aforros que deixamos cando marchamos, con todo pagado. Con este diñeiro o que farán será

pagar uns excesos que están fóra de control”, explicou Fernández Montes.

Así mesmo, acusaron aos populares de enganar á veciñanza coa súa solicitude ao Goberno de que amplíe o Polígono Industrial de Rábade.

Lembra o exalcalde que o PP e a Asociación de empresarios do Polígono levan anos reclamándolle ao Concello e á Xunta o enlace co polígono, “coa ampliación da avenida de Galicia, avenida que é da Xunta de Galicia; agora como xa non hai escusa, dicimos que imos reclamarlla ó Goberno Central, no Senado, que aí temos maioría, pero que non ten competencia algunha nisto”.

Convocan talleres para maiores, de memoria e de teatro

Coa chegada do outono o Concello de Rábade oferta dous talleres para maiores completamente gratuítos.

Dun lado, un taller de memoria que se vai celebrar os luns pola tarde no Centro Sociocultural en dúas tandas, ás 16:30 horas e ás 19:00 horas.

Por outra banda, un taller de teatro que se impartirá os xoves en horario de mañá, de 11.00 a 13.00 horas, tamén no Centro Sociocultural.

Os maiores interesados en anotarse nalgunha destas actividades poden facelo no Departamento de Servizo Sociais do Concello. Son actividades dirixidas aos maiores, pero se algunha outra persoa está interesada pode solicitalo.

O taller de memoria dará comezo o 7 de outubro e o taller de teatro o 17 de outubro.

Arrancou o servizo Madrugadores

O Concello de Rábade, en colaboración coa ANPA e o CEIP Otero Pedrayo, pon en marcha un ano máis o programa Madrugadores neste curso 2024/25. O programa, en marcha dende o 1 de outubro, ten como obxectivo atender no colexio todos os días lectivos entre as 7.45 e as 8.45 horas aos nenos e nenas que empreguen o servizo da man de persoal cualificado. Ademais tamén os venres haberá servizo de atención de 14.30 a 15.30 horas.

Os interesados e interesadas deben inscribirse no Concello, na área de Cultura e Deporte en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Abre un novo prazo para solicitar as axudas para escolares do Concello

O Concello volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación ata o 11 de outubro. Ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2024-25, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos

dous centros de Rábade e non superar os 6.000 euros de renda per cápita (7.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado.

A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude antes do 2 de outubro nas oficinas municipais.

Comeza a matrícula para a nova casa niño da vila

Rábade contará en datas próximas cunha nova casa niño, que foi concedida pola Xunta. Co no nome de Casa Niño Ledicia vai estar emprazada na rúa Gabriela Nieto Chaín, 18, baixo e a promotora é Miriam Díaz.

As casas niño son un modelo de atención á infancia de 0 a 3 anos financiadas pola Xunta de Galicia e adaptadas ás características dos concellos do rural de Galicia. O servizo desenvólvese con carácter gratuítto de luns a venres durante todo o ano, agás os días festivos e un mes de cada doce no que permanecen

pechadas por vacacións. Están destinadas a ofrecer servizos educativos e de coidado aos nenos e nenas, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral.

Desenvólvese con carácter gratuítto na modalidade de atención diurna de luns a venres durante todo o ano, agás os días festivos e un mes de cada doce no que a casa niño permanece pechada por vacacións. As familias poden levar os nenos un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará coa profesional.

A Xunta reclama máis fondos para o Perte Aeroespacial de Rozas

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, reclamou ao Goberno central que destine máis fondos ao PERTE Aeroespacial. “Un sector que está a ter un papel crucial -dixo- para o fortalecemento da industria da Comunidade autónoma galega”.

A directora xeral participou na V reunión da Alianza polo Perte Aeroespacial e ao seu remate fixo fincapé na necesidade de ampliar as partidas de fondos europeos destinadas a este sector “máis aínda se temos en conta que dos 41.000 millóns de euros cos que contan os PERTEs, aínda restan preto da metade sen convocar e que a partida inicial deste PERTE se reduciu á metade”, denunciou Ardao.

Pola contra, a directora xeral puxo en valor o reforzo e o compromiso do Xunta co crecemento e a internacionalización das empresas emerxentes desta industria estratéxica nos últimos anos, co obxectivo de dar un pulo á súa competitividade.

Neste sentido, explicou que o aeroespacial é un sector dinámico cunha alta posibilidade de crecemento e que aporta valor engadido á industria galega en termos de innovación tecnolóxica, competitividade, diversificación e emprego cualificado.

Tras a reunión, Margarita Ardao



tamén subliñou que o sector aeroespacial medrou de forma sólida na última década en Galicia, impulsado polas capacidades das empresas e centros tecnolóxicos galegos, polo talento que existe e polo apoios das Administracións.

Así, subliñou que a Civil UAVs Initiative -liderada polo Goberno Galego- é unha iniciativa pioneira en España e en Europa que funciona como catalizadora deste crecemento ao abrir as portas a un mercado especializado como o das tecnoloxías de vehículos e sistemas non tripulados.

Neste sentido solicitou maior apoio do Estado á Civil UAVs pois é coherente coas políticas de impulso ao sector que se están a levar a cabo e por tratarse, ademais, da primeira iniciativa e a de maior volume de España neste ámbito.

A veciñanza da parcelaria de Viladonga recibirá as bases en outubro

As persoas afectadas pola reestruturación parcelaria de Viladonga, en Castro de Rei, están citadas o próximo 8 de outubro, martes, para recibir a documentación que lles afecta sobre este proceso.

Esta entregaráse a todas as persoas interesadas cos datos e a inclusión das súas parcelas nas bases aportadas para a reestruturación.

Para recoller esta documentación, as persoas propietarias deberán presentar o DNI. Se son representantes autorizados, deberán levar unha autorización asinada e copia do DNI da persoa propietaria.

O prazo para presentar alegacións remata o día 8 de novembro e a partir deste mesmo día 8 de outubro, os planos desta zona poderán consultarse na web da Consellería do Medio Rural, no local social da Comunidade de Montes de Viladonga, nas oficinas do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, na empresa colaboradora Proyectegal e nas dependencias do Concello de Castro de Rei.

Para resolver dúbidas, o persoal da empresa colaboradora estará á disposición no Local da Comunidade de Montes segundo o calendario que se facilitará o día da xuntanza.

María José Gómez supervisa as obras en infraestruturas rurais

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, visitou os traballos de mellora de infraestruturas rurais deste concello lucense, para os que se destinaron preto de 270.000 euros a través das axudas para a rehabilitación de camiños de zonas de concentración parcelarias e do Plan Marco. Cómpre salientar que no conxunto da comarca da Terra Chá, na que se atopa Castro de Rei, a Consellería do Medio Rural destina máis de 1,3 millóns de euros entre ambas as dúas convocatorias de achegas.

Nesta visita, María José Gómez puxo en valor as achegas destinadas para a mellora de camiños en concellos con zonas de concentración parcelarias rematadas, convocadas por primeira vez neste ano. No caso concreto deste concello, sinalou, estas axudas supoñen un investimento de máis de 188.000 euros destinados ás tres parcelarias coas que conta.

A maiores, a conselleira explicou que



destas axudas beneficianse un total de 38 concellos galegos, con actuacións en máis de 150 camiños ao longo de máis de 160 quilómetros. Para iso, cóntase cun investimento total de arredor de 5,1 millóns de euros.

O obxectivo destas actuacións, explicou, é o mantemento e acondicionamento das infraestruturas rurais, ao mesmo tempo que se mellora a capacidade portante dos camiños das redes de concentración ou reestruturación parcelaria que están rematadas, garantindo o tránsito de

vehículos e maquinaria.

A conselleira aproveitou esta visita para avanzar tamén os traballos realizados ao abeiro do Plan Marco na actual convocatoria 2024-2025, na que neste concello se destinan case 80.000 euros na mellora de camiños de titularidade municipal.

A actual convocatoria do Plan Marco supón un investimento de preto de 19,5 millóns de euros destinados para a mellora de camiños rurais e acceso a parcelas agrícolas nos 313 concellos de Galicia, unha cantidade un 16 % superior fronte á anterior.

A Feira da Galiña de Mos regresará o día 27

O domingo 27 de outubro volverá celebrarse a Feira da Galiña de Mos, na parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei, na que os criadores desta afamada galiña porán en valor os seus exemplares.

A feira, que chega a súa edición número XIII, abrirá ás 10.30 horas coa exposición de exemplares da raza Galiña de Mos que participarán na X edición do Concurso desta raza, con premios para o mellor galo e a mellor galiña. Con esta abre tamén unha feira de artesanía e outra de coches clásicos. Sobre as 11.30 animará a xornada unha banda de música.

Este ano, como novidade, haberá unha sesión vermú a partir das 13.00 horas e despois do xantar unha de tarde, a partir das 16.30 horas, co trío Merengue.

A partir das 14.00 horas será a de-

gustación, co reparto de racións a un prezo de 15 euros e que consistirán en empanada, polo, ovos fritos, pan e queixo de Leitigal con bebida e café incluídos.

Previsiblemente, serviránse arredor de 800 racións como anos anteriores, e os tickets poderanse adquirir nun posto colocado pola organización e estarán á venda dende dous días antes por parte da organización ou o mesmo día da feira.

Para completar a xornada haberá xogos populares coa asociación Cadaval desde as 15.30 horas.

Ademais, volve sumarse á celebración unha exposición de vehículos clásicos onde se premiará ao piloto máis vello, a o máis novo e a o que veña de máis lonxe. Así mesmo haberá premio para o coche mellor engalanado.

CONCENTRACIÓN POLA SANIDADE

O BNG volveu concentrarse coa veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio de Castro de Rei. O consultorio estivo todo o verán pechado e a veciñanza afectada tivo que desprazarse ata Castro Ribeiras de Lea para ter atención médica: "Estamos cansos de que o PP os ningunee, o servizo médico precisase durante todo o ano", declara Olga García.



Últimos días para anotarse nas escolas deportivas municipais

O Concello de Castro de Rei ultima o prazo de inscrición para as escolas deportivas municipais, que contan cunha oferta deportiva similar ao de anos anteriores, respectando as preferencias dos usuarios.

As escolas están divididas en actividades como baloncesto, patinaxe, deportes de raqueta, ximnasia

rítmica, robótica, atletismo, ioga e ecoarte dirixidos a pequenos de ata 14 anos de idade.

Os interesados en anotarse ás escolas poden facelo no departamento de Cultura e Deportes do Concello ata o día 4 de outubro. A intención da organización é comezar as clases o día 7 cos grupos o máis completos posible.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

M de Meira aposta polo ciclo de cine e o teatro

A Asociación cultural M de Meira ofrecerá aos veciños da localidade un outono cargado de actividades para que todos poidan desfrutar do que máis lles gusta.

Contarase, novamente, coa presenza do Ciclo cinema Mestre Mateo, organizado pola Academia Galega do Audiovisual e máis a Deputación de Lugo. Comezará o domingo 13 de outubro coa proxección de *O Corno*.

A maiores, haberá inicitivas como

o M de Magosto, que será o 1 de novembro e, o 2 do mesmo mes, a compañía Baixo da Area presenta a súa obra de teatro *Poeta en Nueva York*.

Continuando co teatro, en decembro ofreceranse dúas obras máis. A primeira é *21/3*, do Grupo de Teatro Down, e presentarse o primeiro día do mes e o 28 será a quenda da compañía Producións Excéntricas coa súa obra *O autor do Castromil*.

EN BREVE



MANS DE IRIMIA. A Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos celebraron un ano máis a Festa da Afirmación e Dignidade en colaboración co Concello de Meira, na súa XII edición. Este ano as Mans da Irmandade, obra de Manolo Pardo, foron para Xosé Manuel Carballo e para Mario Outeiro. No primeiro caso fíxose entrega do distintivo á familia deste crego e pensador. O profesor Mario Outeiro recibiu el mesmo a Man.



SUSO LÓPEZ. O produtor de Gaitafilmes, o meirego Suso López, presentou en Meira o seu primeiro poemario *Non aparecen bicis*, editado por Edicións Positivas. Suso López é coñecido polo seu traballo no mundo do cinema, producindo cintas como *DHOGS*, *Welcome to ma maison* ou *Ulises*, e pola súa pertenza a grupos musicais como Voladura e Os Bluesomes.

A vila acollerá a nova sede integral da Rede de Oficinas Rurais

A Consellería do Medio Rural segue a ampliar a súa rede de oficinas rurais e bases de unidades operativas (BUO) coa reforma dun local no concello lucense de Meira, co obxectivo de destinalo a estes fins. A conselleira, María José Gómez, visitou hoxe as obras, que se acaban de iniciar, acompañada do secretario xeral técnico da Consellería, Jorge Atán.

Trátase dun espazo completamente novo con respecto ao actual, coa finalidade de agrupar os servizos agrarios, veterinarios, administrativos e forestais nunha única sede, facilitando así as xestións á cidadanía. As actuacións consisten na rehabilitación da planta baixa dun edificio de vivendas e contan cun orzamento de algo máis de 1 millón de euros.

A reforma permitirá, tal e como destacou a titular de Medio Rural, que a Oficina Rural, duns 200 metros cadrados, albergue uns 14 postos de traballo, divididos entre técnicos agrarios, veterinarios e persoal do Distrito Forestal. Así, as instalacións estarán dotadas de varios despachos, aseos, vestiarios, unha sala de reunións ou un arquivo, entre outros.

As instalacións da BUO, cunha superficie duns 500 metros cadrados, faci-



litarán a conciliación entre descanso e traballo a preto dunha quincena de traballadores do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF) da Xunta que desenvolven a súa actividade nesta contorna. Neste sentido, estará dotada de aseos, duchas, despachos, zona de descanso e office.

Este tipo de actuacións están enmarcadas dentro do Plan de infraestruturas da Consellería do Medio Rural do período 2021-2026, orzamentado cun total de 43 millóns, que contempla a modernización do despreque físico da Consellería na xeografía galega e que ten como fin último

mellorar o servizo público que presta a Administración autonómica no rural.

O Plan recolle os labores de reforma, adaptación e mellora da rede de oficinas rurais, así como outras intervencións nas instalacións asociadas ao dispositivo de prevención e á administración forestal. Neste sentido, inclúense as BUO, as bases aéreas de prevención e defensa contra os incendios, o Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL) de Toén (Ourense) e a Unidade Loxística Central da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Abraham Cupeiro dará un concerto en xaneiro

Despois do éxito acadado o ano pasado, Abraham Cupeiro volverá a Meira para ofrecer dous concertos o próximo 4 de xaneiro, na igrexa de Santa María, unha actuación que formará parte do programa de Nadal.

Debido ao esperado do concerto, haberá dous pases, un ás 18.00 horas e outro ás 20.00 horas.

As entradas para o concerto xa están á venda na Oficina de Turismo e en internet.

Abraham Cupeiro levaranos unha vez máis a lugares perdidos no tempo a través dos seus instrumentos ancestrais. Interpretará pezas inéditas aproveitando a acústica da igrexa meirense, na que xa actuou o pasado ano cun gran éxito de público.

Organizado para este inverno un curso de baile a partir do mes de novembro

Meira pon en marcha un curso de baile de salón e ritmos latinos, da man de Teresa e Jose Manuel, a partir do primeiro mércores, día 6, de novembro. Terá lugar na casa da cultura de Meira polas noites, de 22.00 a 23.30 horas.

Todo aquel que queira inscribirse, debe chamar ao propios monitores nos teléfonos de 680 602 272 ou 616 242 132.



“Adriana ten sorte de vivir nun concello tan solidario e disposto a axudar”

Sandra Legaspi, nai dunha nena afectada de CTNNB1, un dos dous casos vinculados á provincia

Pode contarnos que é a CTNNB1, por que se produce e cales son os seus efectos?

É un trastorno do neurodesenvolvemento grave, causado pola alteración do cromosoma 3 do xene CTNNB1. Este é o encargado de sintetizar unha proteína moi importante para o noso corpo como é a Betacatenina, esta proteína é a responsable da adhesión e da conexión celular. Esta síndrome provoca Microcefalia, trastorno do sono, da conduta e da linguaxe, problemas motores e de equilibrio, sensibilidade aos sons, hipotonía axial, dificultades da aprendizaxe, problemas visuais como o estrabismo... etc. Actualmente a CTNNB1 non ten cura nin tratamento específico.

É unha enfermidade considerada “rara”. Como se procesa unha noticia así?

Si, é unha enfermidade rara que afecta a 1 de cada 50.000 nenos en todo o mundo, en España somos algo máis de 30 casos diagnosticados. É unha noticia que custa moito dixerir, xa que todos cando imos ser papás ou mamás temos planificado como vai ser, pero no meu caso a vida cambioume por completo, deu un xiro de 360º. Nun primeiro momento atópaste desorientada, sen saber ao que realmente vaste enfrontar. Adriana foi diagnosticada con 2 anos e nese momento a información sobre a síndrome era moi escasa e a pouca que atopabas era noutro idioma. Sénteste soa porque no momento do diagnóstico non se coñecían máis casos en Galicia. Logo pasas por unha etapa de culpa, preguntaste, que fixen mal?, porque nos tocou vivir isto?, porque lle tocou a miña filla? Ata que un día empezas a levantar cabeza, miras a túa nena e diste que é hora de LOITAR e facer todo o posible porque ela sexa feliz e teña unha mellor calidade de vida.

Na provincia e tamén en Galicia son casos moi contados, non é?

Si, en Lugo está o caso de Adriana e tamén podemos contar o caso de Martí, que aínda que vive en Granollers o seu pai é de Outeiro de Rei e está moi vinculado á nosa terra. E en Galicia temos tamén o caso de Paula de Carballo (A Coruña) que é a veterana da asociación xa que en decembro cumpre os 18 anos.

Supoño que é máis complicado bus-



car o apoio e a axuda cando se é un caso tan illado.

Totalmente, ao ser casos tan illados é moi difícil conseguir que alguén se interese por nós para investigar e tamén é complicado conseguir os recursos para esa investigación. É complicado ata para os propios médicos que de repente teñen un caso que descoñecen por completo.

Forma parte da asociación de afectados. Cal é a súa función?

A Asociación CTNNB1 está creada para acoller e acompañar as familias, ofrecéndonos información e orientación. Traballa incansablemente para dar visibilidade á enfermidade e facilitar o acceso a información actualizada tanto para as familias como para os profesionais da saúde. Agora mesmo a asociación está apoiando unha investigación que se está a levar a cabo en Eslovenia, a onde en xuño deste ano viaxamos algo máis de 80 familias de todo o mundo, entre elas estaban 20 familias españolas, e entre esas familias estaba a nosa. Viaxamos para saber se neste caso Adriana será compatible con esa terapia xénica.

Cales son as actuacións e actividades que fan para recadar fondos?

Pois a pesar de ter só 3 anos de vida a asociación está a facer un montón de eventos e actividades por toda España, xa que cada familia intenta facer cousiñas para dar visibilidade á enfermidade e recadar fondos na súa zona. Por poñervos algún exemplo: En Bilbao J.J.Vaquero e Álex Clavero fixeron un monólogo onde todo o recadado foi para a Asociación.

En Palma del Río (Córdoba) fixeron unha bicicletada. En Cádiz levan xa varios anos facendo unha travesía con posterior cea de gala. En Outeiro de Rei o pasado 29 de xuño fixemos o evento Soña con Nós. Este evento naceu grazas aos amigos do papá de Martí, que se reuniron e quixeron facer algo para os nosos nenos e nenas. Foi un día precioso onde houbo un pouco de todo, carreiras, andaina, triangular de fútbol sala, inchaables, xogos todo o día para os máis pequenos, música, ata xantar e cea. Neste evento conseguimos recadar algo máis de 10.000 euros para a asociación. Algo que cando empezamos a organizar nunca imaxinamos e que nos deu moito ánimo para empezar xa a organizar o segundo Soña con Nós para o próximo ano.

Meira envorcouse moito coa asociación. Que cousas se fixeron ata o de agora?

Si, Meira está envorcada con nós. Adriana ten moita sorte de vivir nun concello tan solidario e con xente con tan bo corazón, que sempre está disposta a axudarnos. A verdade é que me sinto moi orgullosa e agradecida do apoio recibo polo concello de Meira. A Asociación Cofradía nosa señora do Pedregal fixo un concerto benéfico no que actuou María do Ceo e o diñeiro recadado foi para a nosa asociación. O Concello, o 25 de xullo de 2022 iluminou a súa fachada para dar visibilidade á síndrome CTNNB1 con motivo de ser o día Internacional. A ANPA do CEIP Poeta Avelino Díaz, que é a do cole de Meira o que vai Adriana, or-

ganizou unha gala de Nadal benéfica. O Súper Autoservicio Meira doou unha cesta de Nadal, a cal se rifou e o recadado tamén foi para a nosa asociación. A Asociación Carrilanas Os Meiregos sempre contan con nós para os seus eventos e poder montar a mesa da asociación e incluso unha das carrilanas coas que corren leva o logo da asociación CTNNB1. A organización da Carreira Popular da vila de Meira tamén sempre conta con nós para montar o noso posto. E algo que chegou dunha maneira especial ao meu corazón ocorreu este ano en agosto, xusto na carreira popular da vila, onde un grupo de nenos e nenas do colexio ao que vai Adriana decidiron durante o verán facer pulseiras as cales foron vendendo e cando os seus pais lles preguntaron que ían facer con ese diñeiro, eles decidiron por iniciativa propia doarlle á asociación CTNNB1 para axudar a buscar unha cura ou tratamento para a enfermidade de Adriana, e aproveitaron a carreira para facerme entrega dese sobre con esa doazón de tanto valor para Adriana e para min.

Fálenos un poucos dos outros casos galegos.

Pois nos tomamos contacto con eles a través da asociación, xa que cando eu descubrín a Asociación Adriana era o único caso en Galicia que se soubese. Máis tarde apareceu na asociación o caso de Paula de Carballo e non dubidei nin un momento en poñerme en contacto por privado coa súa familia e como non, facer o posible por ese primeiro encontro para coñecernos. O mesmo cando entrou Martí na asociación e a súa mamá fixo o comentario de que o papá de Martí era de Outeiro de Rei.

Cal é a próxima acción prevista?

Vai ser o Encontro CREER Burgos 2024, é un encontro que xa fixemos o ano pasado no Centro de Referencia Estatal de Atención a Persoas con Enfermidades Raras e as súas familias de Burgos. Este ano dito encontro terá como data os días 29 e 30 de novembro e o 1 de decembro. Neste encontro imos participar 21 familias da asociación, entre as que estarán unha de Bélxica e outra de Portugal. Para nós, este tipo de encontros danos vida. Poder convivir e compartir en persoa espazo, tempo, vivencias ou logros é moi importante para todos nós, pero tamén para os nosos nenos e nenas que poden desfrutar dos seus “amigos libélulas”. Agora mesmo estamos vendendo lotería de Nadal como cada ano. A participación custa 5 euros, onde a persoa que a compra xoga 4 e 1 dóao á asociación. Outra das iniciativas que temos en marcha é 12 maratóns por CTNNB1, o atleta *amateur* Yeray González de Basauri propúxose correr 12 maratóns nun ano para dar visibilidade á síndrome e recadar fondos para diversas liñas de investigación. Este reto empezará o día 6 de outubro co maratón de Logroño e rematará o 11 de outubro de 2025 en Basauri.

Cal é a finalidade da recadación que facedes?

A finalidade é financiar a investigación da terapia xénica. Agora mesmo a investigación da terapia xénica de remprazo para os nosos nenos e nenas está moi avanzada e xa estamos nunha fase de manufactura. Esta estase a levar a cabo en España en concreto en Donosti. Este primeiro tanque coas primeiras doses (que van ser moi pouquiñas) dará por fin inicio a un ensaio clínico que empezará o ano que vén. Pero para que isto se faga realidade necesitamos moito diñeiro porque falta aínda por recadar 1.250.000 euros para que ese tanque se poida terminar e por fin empezar a tratar a nenos e así conseguir o que tanto anelamos que é unha mellor calidade de vida para todos eles.



gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Villaño (Lugo)
Telf. 982516590

CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS
CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS
R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103
URXENCIAS
24 HORAS

A Feira do Poldro muresa triunfou un ano máis



Muras celebrou un nova edición da Feira do Poldro, coa colaboración da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A tenente de alcalde e coordinadora da Feira, Paula Gómez, valorou “moi positivamente” a xornada e agradeceu “a colaboración das ganderías que arrimaron o ombreiro e trouxeron todos os animais que puideron tanto para a feira como para as carreiras e o desfile de monturas, enchendo os curros e o recinto feiral de actividade.

Tamén agradeceu a visita de todas as persoas que se achegaron hoxe a Muras, así como “da asociación de cabaleiros Atila e Puraga, que colaboraron na organización e nas actividades”.

A responsable municipal explicou que “é unha feira moi importante para a veciñanza, polo que asumimos a organización coa responsabilidade de intentar que todos se sintan recoñecidos, representados e co seu lugar”.

A querencia de Muras pola feira e a gandería remarcouse cun photocall á entrada do recinto cun texto en que se definía a feira como “un día que Muras leva no peito” e se lembraba a “avós, avoas, nais, pais, veciñas e veciños que tanto nos ensinaron desde mundo cabalar, da constancia, do traballo, do valor da palabra, da supervivencia e de saber tourear a arte do trato”.

Ademais dos curros cos animais á venda, unicamente gando cabalar, xa que se optou por non incluír vacún de forma preventiva ante a incidencia da EHE, o recinto acolleu actividades como unha demostración de ferraxe de cabalos, unha exhibición de escultura de madeira, un desfile de montura tradicional e carreiras de andadura, así como numerosos postos de comida. Un dos máis concorridos foi o de degustación de hamburguesa de carne de Pura Raza Galega, no que esgotaron as existencias.

Someten a información pública a repotenciación do parque eólico

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o acordo polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa para o proxecto de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto para reformar o parque eólico Muras, situado entre o municipio chairego e Oourol.

O proxecto de Iberdora Renovables Galicia inclúe o desmantelamento de 74 aeroxeradores, cunha potencia total de 48,84 MW, e a instalación de once, cunha potencia instalada correspondente á repotenciación de 47,3 MW.

Os once aeroxeradores terán 117 metros de diámetro de rotor e unha altura de buxe de 84 metros. A obra

inclúe unha rede colectora de media tensión, actuacións sobre unha subestación existente e sobre a liña de media tensión que conecta o parque coa subestación. O orzamento rolda os 39,4 millóns de euros.

A documentación estará a consulta 30 días para quen desexe expor alegacións. O DOG inclúe un anexo coa relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de renovación tecnolóxica deste parque eólico.

No municipio de Muras hai 177 predios afectados, en lugares como Chao Pena de Curvos, Chao do Monte, Gañidoira ou Bestemuz, entre outros. En Oourol cítanse doce propiedades, en Costa de Cebrán ou Pena do Carrulleiro.

O TSXG anula a licencia da Xunta á ampliación da mina de San Acisclo

O Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG) vén de anular a concesión emitida pola Xunta para autorizar o desenvolvemento da mina de feldespato de San Acisclo, aceptando deste xeito o recurso contencioso-administrativo interposto por parte do Concello. Este recurso veu dar voz ás múltiples protestas cidadás que se fixeron cando se coñeceu o permiso da Xunta para a explotación.

O TSXG recolle na sentenza que decide “estimar o recurso interposto polo representante do Concello de Muras contra a resolución do director xeral de Planificación Estratéxica e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Economía, Industria e Innovación do 19 de decembro de 2022, ditada por delegación do seu titular, que aprobou o proxecto de explotación e o plan de restauración da concesión de explotación de recursos da Sección C da mina Ampliación a San Acisclo, instada pola sociedade mercantil Materiales Cerámicos Materias Primas SL, que anulamos”.

Recolle tamén a historia desta mina. A primeira concesión de explotación de feldespato na contorna, emitida no franquismo pola Dirección Xeral de Minas do Ministerio español de Industria, data do 24 de abril de 1969. Posteriormente, en 2007, foi transmitida a Materiales Cerámicos SL, e en 2019, a Materiales Cerámi-



cos e Materias Primas SL, firma que solicitou en 2020 a aprobación do proxecto de explotación e do plan de restauración desa concesión aprobada polo Goberno galego.

O Concello presentou denuncia contra esa concesión baseándose en tres motivos, que o proxecto tiña que someterse á previa avaliación ambiental estratéxica ordinaria, dados polos impactos medioambientais da mina, a superficie da explotación e súa visibilidade, sen que se puidese acoller á excepción pola continuidade na actividade mineira, ao non executarse nin total nin parcialmente. O segundo, porque a concesión caducara ao levar máis de 15 anos sen actividade. Como terceiro punto alegaba que existían graves impactos.

Neste sentido, resolve a sentenza, a autorización emitida pola Xunta

en 2022 “non só ignorou todas as anomalías que xa constaban -merezedoras da paralización dese procedemento para incoar un de caducidade-, senón que tampouco someteu o proxecto a avaliación ambiental estratéxica ordinaria”.

Os colectivos afectados explican que “serían presuntos responsábeis dun delito continuado de prevaricación os sucesivos directores xerais de enerxía e minas que aprobaron as seguintes transmisións e permitiron o mantemento dos dereitos mineiros a pesar de coñecer a súa ilegalidade, existindo informes que alertaban deste feito. Por iso, pedirá á Fiscalía que investigue aos tres directores xerais da Xunta que interviron persoalmente no procedemento así como aos funcionarios que con posterioridade tentaron encubrir esta actuación ilegal”.

AXENDA DE ACTIVIDADES

ATILA. A asociación Atila Cabaleiros de Muras realizará unha nova formación sobre fitosanitarios, que se impartirá as primeiras fins de semana de decembro. O curso, de nivel básico, terá lugar no local social de Muras e o exame será o día 16 de decembro no CFEA Pedro Muras de Ribadeo. A formación, como en anos anteriores, está financiada polo Concello de Muras e as persoas que desexen información sobre o mesmo poden poñerse contacto coa asociación no atilamuras@gmail.com ou no teléfono 667 609 990.

A Balsa. A localidade de Balsa celebrará a primeira fin de semana de outubro as súas festas na honra á Virxe do rosario. O sábado, haberá misa solemne pola mañá, a partir das 13.30 horas, seguida da tradicional procesión. A sesión vermú estará ao cargo do grupo Máster e, pola noite repetirán este mesmo xunto a New York. O domingo 6 a

misa abrirá de novo a programación á mesma hora. Non faltará tampouco a procesión e a sesión vermú, que estará ao cargo do grupo Fénix, coa que rematarán as festas. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

SILÁN. A Comunidade de Montes de Silán, en colaboración co Concello de Muras, celebra as súas festas na honra a San Estevo e á Virxe de Fátima a fin de semana do 12 e 13 de outubro. O sábado haberá, ás 13.00 horas, misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Escaparate, grupo que volverá tocar pola noite na verbena xunto á Los Satélites. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora e, nesta ocasión, a sesión vermú prolongada será amenizada pola orquestra Escaparate. As festas están organizadas pola Comunidade de Montes de Silán en colaboración co Concello de Muras.

O PP afea ao alcalde non ter asistido ao último pleno

“O alcalde de Muras non asiste ao pleno ordinario, pero si xestiona a limpeza da totalidade da finca propiedade da súa familia que, nunha parte, acolle a celebración da Feira do Poldro”, segundo explica a portavoz popular, Eugenia Requeijo. “Isto demostra claramente o pouco que lle interesa o noso Concello”, segundo subliña.

A popular explica que “a pesar de cobrar polo seu labor como alcalde e de que sabe de antemán cando se celebran os plenos, non lle importou faltar á última sesión”. Ademais, incide en que “como todos é sabido, a finca na que se celebra a Feira do Poldro no Alto da Gañidoira é propiedade da familia do alcalde. Entendemos que se teña que acondicionar para a celebración da feira, pero hai que recordar que só se emprega unha parte da finca e a limpeza con medios do Concello realizouse na súa totalidade”.

A parroquia de Santalla contará cun local social reformado

O Concello de Begonte vén de aprobar o proxecto de construción dun local social na parroquia de Santalla, que será executado a través dun Obradoiro de Emprego financiado pola Xunta de Galicia compartido cos concellos de Rábade e Friol.

Dito local situarase ó carón do campo onde se celebran as festas patronais. Terá unha superficie de 120 m² e na súa construción empregaranse elementos tradicionais e sostibles como a madeira.

A actuación ten un orzamento de 125.000 euros que serán asumidos na súa totalidade polo Concello con fondos propios, e a súa construción comezará a partir de outubro do 2024. O alcalde manifestou que “esta actuación ademais de ser unha necesidade e un compromiso asumido cos veciños de Santalla, pode acometela o Concello grazas a boa xestión económica do equi-



po de Goberno nos últimos anos o cal nos permite ter capacidade de investimento”.

O alcalde, José Ulla, tamén salientou que “o local de Santalla era unha vella reivindicación dos veciños e agora será unha realidade grazas a colaboración da Xunta de Galicia. Os locais sociais son un instrumento fundamental para a di-

namización da vida nas parroquias do rural”.

Ó local social, hai que engadir o investimento na mellora da rede viaria municipal na parroquia de Santalla de Pena, con mestura bituminosa de aglomerado en quente que se empezou no ano 2024 e se estenderá ó ano 2025 e que ascenderá a preto de 120.000 euros.

O PP e veciños urxen a renovación das estradas



Os veciños e veciñas das parroquias de Donalbai, Virís e Santalla de Pena trasladáronlles aos deputados do PP -Antonio Ameijide, José Ángel Santos, Armando Castosa e Fran Balado- durante unha reunión na que estiveron acompañados polo alcalde do municipio, José Ulla, as súas queixas polo “alarmante mal estado de estradas provinciais que comunican estas parroquias begontinas”.

Segundo manifestaron, o pavimento das estradas LU-P-0802 (Begonte-Santalla) e LU-P-2303 (Parga-Pedrafitas-Santalla) atópase “totalmente desfeito” de forma que “as estradas son unha sucesión de fochancas”.

“Esta situación supón graves riscos para a seguridade dos usuarios, ademais de provocar continuo malestar entre os veciños que usan estas vías; non só pola incomodidade, senón polos danos que provoca nos vehículos”, indica o portavoz popular, Antonio Ameijide.

Isto débese a que “fai máis de 10 anos que a Deputación de Lugo non acomete ningún tipo de actuación de mellora ou renovación. Unicamente tapan as fochancas máis grandes, pero non é suficiente. Co paso do tempo o pavimento foise desfacendo e, na actualidade, ató-

pase nun estado totalmente intransitable”.

Os veciños e veciñas xa teñen solicitado o seu arranxo, pero “o goberno de PSOE e BNG da Deputación de Lugo fan oídos xordos”, segundo lamenta o popular.

NAVE. Por outra banda, o Grupo Provincial Popular pregunta ao goberno de José Tomé se xa ten rematado o inventario de todos os bens que hai almacenados na nave que a Deputación de Lugo ten no polígono de Carral, en Begonte, xa que “seguramente haxa moitos elementos que se poidan poñer a disposición dos concellos”.

O voceiro popular, Antonio Ameijide, recorda que “pese a que tardamos moitos meses” o pasado mes de xuño “por fin tivemos acceso” e, “nunha primeira ollada vimos como, efectivamente, hai moito material que, no caso de estar en bo estado, pode ser de gran utilidade para moitos dos concellos da provincia”.

Ameijide fai esta reflexión apoiándose en que “a maior parte dos concellos teñen recursos, tanto económicos como de persoal, moi limitados, polo que calquera axuda sempre é benvinda”.

Abre un novo prazo para as axudas de material escolar e transporte

O Concello de Begonte vén de abrir o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares deste municipio, que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal correspondentes ao curso 2024/25. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, por unha banda, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar.

As de material escolar, que están dirixidas a escolares de Infantil, Primeira e ESO que estuden no Concello e os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade.

Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2024-2025.

Estas axudas, que se conceden en función da renda, teñen un máximo de 150 euros e van destinadas á compra de material escolar para todas e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1º, 2º 3º e 4º da ESO no IES de Rábade. Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mo-

chilas, cadernos, dicionarios e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares.

O prazo de presentación da documentación necesaria para o outorgamento destas axudas rematará o 17 de outubro. Esta pode facerse a través da sede electrónica do Concello, no respectivo centro ou nas oficinas municipais.

As axudas ao transporte escolar durante o curso actual están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír a paliar o gasto diario ou semanal, que os estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Teñen como requisito estar empadroado no Concello de Begonte durante o curso e que fagan os estudos superiores e que non teñan xa transporte gratuito para o desprazamento ao centro educativo.

Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 200 e 400 euros dependendo da distancia do seu centro. O prazo neste caso é ata o 31 de outubro.



Castiñeiro Milenario recupera o Ciclo de Teatro logo de 5 anos

A asociación Castiñeiro Milenario de Begonte recupera este ano o VII Ciclo de Teatro despois de cinco anos sen facerse. Nesta edición contarán con tres representacións, todas elas dentro dos circuitos de teatro, tanto do afeccionado como do profesional, promovidos pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A primeira obra fíxose en setembro e a segunda será o 9 de novembro, a partir das sete da tarde, na Casa do Pobo da Asociación Veciñal do Castro a cargo da compañía Grupo de Teatro do Hospital de Lugo que representará a obra *Asasinato na tenda de roupa*, unha comedia, tamén con asasinatos polo medio dirixida a todos os públicos.

Para rematar este ciclo o 30 de novembro ás sete da tarde na Casa da Cultura de Begonte e dentro do circuito profesional da Deputación de Lugo, contarán con Bátega Teatro representando a obra *O Pano*, unha obra dramática dirixida a adolescentes e público adulto.

REMATEXPRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon

TEMU

AliExpress

SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO

645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES



Reparan a ponte de Labrada sobre o río Güela

O Concello de Abadín traballou no acondicionamento e mellora da ponte situada en Labrada, Tivian, sobre o río Güela. Grazas a esta intervención, mellorouse o acceso e seguridade para todos os veciños e visitantes.

Os traballos realizados centráronse en conservar e fortalecer a estrutura, respectando a contorna natural que tanto a caracteriza. A paso está moi deteriorado e supoñía un perigo para os usuarios pola súa inestabilidade.

BNG reclama medidas para unha circulación segura na A-8

O deputado do BNG Néstor Rego Candamil presentou unha serie de preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de axilizar a instalación da solución técnica que garanta a circulación segura no Alto do Fiouco na A-8.

Explican que a presión política e social levou ao Ministerio a adoptar unha medida provisional coa instalación das denominadas balizas intelixentes con luces led nas marxes da vía que reduciron os cortes na

A-8 “mais non é a solución definitiva que se demanda a un problema que é estrutural pola mala configuración da autovía e o seu trazado”.

“O sistema elixido polo Ministerio implica a instalación de luces láser que indican unha liña pola que circular e que tamén incorporan sensores que avisan doutros perigos. É o momento de axilizar a solución técnica seleccionada para que se poida conducir con seguridade por unha vía que foi pensada para liberar de tráfico a vetusta N-634”.

AXENDA DE ACTIVIDADES

ESCOLAS DEPORTIVAS. O Concello e Abadín, en colaboración coa ANPA Colexio CEIP Aquilino Iglesia poñen en marcha de novo as escolas deportivas, que se desenvolverán durante as tardes no centro. Así, está previsto baloncesto os luns de 15:15 a 16:15; fútbol os martes e xoves de 15:15 a 16:45; patinaxe os mércores de 15:15 a 16:15 e piscina os venres de 15:15 a 17:30 horas. Todas as actividades serán gratuítas, agás a piscina, que será subvencionada.

BARONCELLE. A localidade de Baroncelle comezará as súas festas o sábado 12 coa misa solemne ás 13.15 horas, seguida da procesión e a sesión vermú, que estará a cargo de Límite, con Dani, o mellor acordeonista do norte de España. Os mesmos que se encargarán da verbena xunto a Panamá. O domingo tamén haberá oficio relixioso, nesta ocasión cantado pola Escola

Gregoriana Lucense, e haberá dobre sesión musical, ao mediodía e á noite, de Principal. O campo da festa estará cuberto con carpa.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará entre os días 28 de outubro e 12 de novembro no concello de Abadín, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9:00 e 13.30 horas e de 15:15 a 18:00 agás os días 29, 31 e 8, que serán só pola mañá. A unidade estará situada entre os días 5 e 8, 11 e 12 de novembro no mercado gandeiro de Gontán e, previamente entre os días 28 e 31 de outubro e 4 de novembro no campo da festa de Moncelos. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com. A organización lembra que non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

O Concello abre o proceso de licitación da residencia de maiores

O Concello de Abadín vén de abrir o proceso de licitación para a construción dunha residencia de maiores, cuxa xestión dependerá directamente do concello. As obras consistirán na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil deste concello, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial con 44 prazas repartidas entre 22 habitacións dobres.

Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). O Goberno autonómico achega-



rá 1,2 millóns de euros mentres que a obra ten un orzamento de 2.358.742 euros. No caso de Abadín, financia a máxima contía posible do total dos traballos. Ademais de ampliar as dúas plantas do edificio actual, construírase un anexo coas mesmas alturas co-

nectado a través de dous accesos coa construción principal. As zonas comúns situaranse na planta baixa. O prazo de execución dos traballos é de 13 meses e o tempo para presentar as ofertas das empresas á construción remata o 5 de novembro.

“O obxectivo é organizar cursos en función da demanda dos socios”

Noelia Goás, membro da directiva da asociación Afouteza de Abadín

Cando naceu a asociación? Por que é de recente creación, non?

A Asociación Mulleres Rurais Afouteza de Abadín naceu a comezos do ano 2023, pero démola a coñecer a mediados de ano.

Como xurdiu a idea?

Esta asociación nace co propósito de dinamizar a vida cultural e social do pobo. A idea de formar esta asociación xorde da alta demanda entre os habitantes do pobo de aumentar a oferta de actividades culturais, deportivas ou lúdicas no concello. Debido ao gran interese da xente por facer cousas novas no pobo, propuxémonos crear unha asociación para poder buscar e organizar actividades das que podan desfrutar todas as persoas que o desexen.

Non é a primeira asociación da zona, non?

Na zona hai moitas outras asociacións, as cales lle dan moita vida ao concello.

E ese nome?

Á hora de buscar o nome da asociación, queríamos buscar algo orixinal e que definira o rural de Abadín, e a palabra que se nos veu á mente foi Afouteza, que significa “disposición do espírito que leva a unha persoa a actuar sen temor aos perigos ou dificultades”, sinó-



nimo de valor, ousadía ou animosidade.

Quen forma parte da directiva actual e cantos socios son?

Esta asociación está integrada por Catia González, Noelia Goás, Noemí Pérez e Tania Goás. Actualmente contamos cuns 100 socios.

Cales son as actividades previstas xa? e cales queren poñer en marcha nun futuro?

En setembro comezamos con clases de pilates e en outubro iniciaremos un obradoiro de manualidades e restauración para adultos e outro obradoiro de manualidades para os máis pequenos. Temos previsto algún curso para outubro e novembro, entre eles un de primeiros auxilios. A nosa idea é facer tamén algún outro de cociña, xa que o que levamos a cabo a comezos de verán tivo moi boa

acollida entre os veciños.

Hai outros proxectos máis de cara ao futuro?

Polo de agora estamos comezando e queremos ir pouco a pouco. O noso principal obxectivo é organizar actividades e cursos que vexamos que son de interese para os socios, polo que vai depender das demandas que nos vaian transmitindo.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

De momento mantémonos activos economicamente grazas ás achegas dos socios e á axuda económica por parte do Concello, ademais de cedernos as instalacións municipais para poder levar a cabo as actividades. Con estas achegas podemos organizar actividades máis económicas para os socios.

Como se fai un socio?

Contactando con calquera das 4 integrantes da directiva ou a través das redes sociais da asociación.

Que aceptación están a ter neste inicio?

A resposta da xente do concello a esta asociación foi moi boa. O feito de que organicemos actividades de interese para o pobo fai que a xente se mostre moi receptiva e nos apoie no noso labor.

Muimenta rendeu homenaxe ás comisións da Moexmu

A deputada Iria Castro participou na homenaxe ás persoas que integran as comisións organizadoras da Moexmu desde a súa orixe, un acto organizado pola comisión actual a iniciativa da Vicepresidencia da Deputación de Lugo ao cumprirse corenta anos da primeira edición.

A responsable provincial entregou cadanseu agasallo, unha figura en forma de pomba, que caracteriza a imaxe da mostra, ás máis de 100 veciñas e veciños que integraron as seis comisións que organizaron a mostra chairega nas últimas catro décadas.

“Coa entrega deste detalle e a promoción deste acto, que como sinalou José Rus, se forxou a iniciativa da área de Rural, queremos poñer en valor o esforzo e dedicación de todos e todas as que participaron desinteresadamente dende 1985 na posta en marcha e consolidación do certame como referente da gandería en particular e do rural e na Terra Chá primeiro e agora xa en toda Galicia”, e subliñou a importancia da “autoorganización e da forza da colectividade para que os proxectos se manteñan no tempo”.

Coa colaboración neste acto, cargado de emotividade e de lembranza,



a Vicepresidencia da Deputación reafirma o seu compromiso de colaboración e participación tanto no propio financiamento da Feira de Mostras como na programación dos contidos.

V DE VECIÑO. A Federación de Asociacións de Veciños da provincia de Lugo acordou na súa Asamblea Xeral de conceder unha das V, de Veciño Exemplar na súa XXII edición á Moexmu. A entrega da mesma, terá lugar o vindeiro 20 de outubro no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Dende a Federación quixeron respaldar o traballo que ao longo desta corenta edicións é levado a cabo pola

veciñanza de Muimenta a través dos seus empresarios e empresarias, en especial, a prol do noso rural, grazas, sobre todo, á organización do único concurso de gando que se mantén na provincia de Lugo, unha das actividades máis destacadas dentro do amplo programa que ten lugar no pobo, o primeiro fin de semana do mes de abril.

As persoas que o desexen poderán acudir a este evento, para o que se poñerá un autobús desde Muimenta. As persoas que desexen participar poden anotarse na Mercería Teresa antes do 30 de setembro por un prezo de 3 euros. Este inclúe xantar e viaxe en bus.

EN BREVE

GANCHO. A Asociación Cultural Aquilino Iglesia organiza un curso de gancho os luns de 16.00 a 18.00 horas do 7 de outubro a marzo no local social de Muimenta. Para inscribirse hai que acudir á mercería Teresa e esta será por orde de chegada. As prazas son limitadas, haberá grupos de 10 ou 12 persoas e, no caso de alta demanda, crearase un segundo grupo. O prezo será de 25 euros ao mes para socios e 30 euros para non socios.

COUSAS NOSAS. A asociación de Mulleres Rurais Cousas Nosas de Cospeito continuará este ano coas actividades para as súas socias cun curso de manualidades, cestaría e restauración de mobles. Este terá lugar todos os luns, de 10.00 a 12.00 horas. As persoas interesadas en participar deberán falar con algún representante da asociación..

Ningún aro sen rede premia ao colexio

A UNED Lugo, Ecoballution e o CB Breogán fixeron entrega dos premios do proxecto Ningún aro sen rede baseado na economía circular e na reciclaxe.

Os premios foron entregados aos colexios máis implicados na segunda edición do proxecto Ningún aro sen rede, que ten como obxectivo fomentar a reciclaxe e a sustentabilidade nos centros educativos da provincia de Lugo.

O gañador foi o CEIP de Celeiro, que recibirá 75 invitacións para presenciar un encontro do CB Breogán e 100 euros en libros de temática medioambiental.

O segundo premio foi para o CPI

Virxe do Monte Cospeito, que terá 50 invitacións para presenciar un encontro do CB Breogán e un lote de produtos de Ecoballution.

Finalmente, o terceiro, o CEIP Casás, contará con 25 invitacións para presenciar un encontro do CB Breogán e 50 euros en libros de temática medioambiental.

Este proxecto acadou uns resultados excepcionais, multiplicando por 10 os rexistros de reciclaxe respecto ao curso anterior. Todos os elementos de escritura recollidos polos centros serán reciclados para darlle unha nova vida útil no futuro, grazas ao enfoque de economía circular que promove o proxecto.

Convocado para o 26 de outubro o magosto Cal da Loba

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino volverá a celebrar este ano o Magosto Cal da Loba, que será o día 26 na cuarta edición do mesmo.

Este magosto contará cun amplo programa de actividades que se iniciarán ás 10.30 horas e que comezarán cunha andaina dende a escola do Mato ata o castelo de Caldaloba coa vestimenta de época. Os participantes recibirán o título honorífico Constanza de Caldaloba.

Ao finalizar, tralo saúdo dos organizadores encargase da lectura do pregón, por Alexandra Cabana. A continuación, será o recital poético con poemas dos certames Torre de Caldaloba e a entrega do título honorífico ao MVMC Corva.

Suso Pena Regueiro será o encargado de facer unha introdución sobre a historia e os últimos achados do castelo para dar paso á entrega de premios do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos foron convocados en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre.

Este ano haberá xantar medieval no local social, con cocido de época que consistirá en callos, carne asada con patacas fritas, sobremesa e o magosto. O xantar xunto co magosto ten un prezo de 27 euros para socios e 32 para non socios,



a metade (14,50) para os menores de 12 anos e de balde para os menores de 7. Só o magosto ten un prezo de 5 euros. A inscrición pecharase o 20 de outubro.

Pola tarde tamén haberá animación, con xogos infantís da busca do tesouro, teatro con Contos nunha lareira de Pino, por José Manuel Pena, e a música das Pandereiteiras de Caldaloba.

CONCURSO DE CALIGRAMAS. A asociación última tamén o Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do IV Certame de Caligramas Constanza de Castro. O prazo de presentación para ambos os dous rematará o 13 de outubro e esta farase no correo electrónico asociacionpino@gmail.com que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante.

O premio consistirá en senllos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo no caso dos caligramas e diploma e lote de material de debuxo para os pequenos.

RESTAURANTE PARRILLADA

O Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

TF 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

Mudan os horarios dos centros de interpretación e a biblioteca

Mudaron os horarios nos centros públicos que xestiona o Concello da Pastoriza.

Así o Centro de Interpretación de Bretoña, que ampliou a finais de verá o horario, recupera a atención tres días á semana, os luns, mércores e venres, de 10.00 a 14.00 horas. Pola súa banda, o novo Centro de Interpretación do Alto Miño, situado ante a lagoa de Fonmiñá, na Pastoriza estará aberto para visita libre os martes, xoves e sábados de 10.00 a 14.00 horas.

Despois, para calquera información ou reservas nestes dous centros para grupos o teléfono de contacto é o 982 332 197.

Ademais, a biblioteca municipal abrirá todas as tardes de luns a venres en horario de 15.00 a 21.00 horas.

Convocan as escolas deportivas, que volven ser gratuítas para a veciñanza

As escolas deportivas do Concello da Pastoriza volverán ser gratuítas para os nenos e nenas do concello este curso tal e como o anunciou o ano pasado o alcalde, Darío Cabaneiro.

O ano pasado, no concello da Pastoriza 150 nenos e nenas estaban inscritos nestas escolas deportivas, nas que practican diferentes deportes, como baloncesto, fútbol sala, atletismo, xadrez, tenis, tenis de mesa, bádminton, pádel, patinaxe e natación, as mesmas que se ofertan este ano. O prazo para anotarse xa está aberto.

Saldanxe acolle un curso de conservación de alimentos

A parroquia de Saldanxe, na Pastoriza, acollerá este mes un curso de transformación e conservación de alimentos, organizado polo Sindicato Labrego Galego en colaboración coa asociación Amuruxe e financiado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Este terá lugar os días 19, 20, 26 e 27 de outubro, de 9.30 a 14.30 horas no lugar A Torre, numero 2.

Está dirixido a persoas traballadoras, autónomas e desempregadas e estará a cargo de Luz Ribeiregas. As persoas que desexen participar poden notarse en lugo@sindicatolabrego.gal ou no teléfono 982 231 154.



Xunta e Concello valoran varios proxectos

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde da Pastoriza, Darío Cabaneiro, mantiveron unha reunión de traballo na Delegación Territorial para abordar as próximas actuacións que o Goberno galego vai executar no municipio en materia de infraestruturas.

Arias referiuse aos traballos de reforzo do firme e a mellora da sinalización horizontal que proximamente se executarán na estrada autonómica LU-122 entre Paraxes (A Pastoriza) e Lourenzá. Actuarase en concreto no tramo Paraxes-Cruz da Cancela,

nunha lonxitude de 20,12 quilómetros. A Xunta destina a esta actuación uns 570.000 euros.

O delegado territorial subliñou o esforzo do Goberno galego para manter as vías da súa titularidade nas mellores condicións e para garantir a seguridade viaria aos usuarios. Destacou ademais a importancia da coordinación entre as administracións autonómica e local para garantir a eficaz prestación dos servizos públicos, especialmente nos concellos rurais e con menor poboación, que dispoñen de menos recursos.

Comezan obras de mellora de vías de concentración parcelaria



O Concello da Pastoriza a través da brigada municipal de obras acometeu despois destes meses de vacacións diferentes obras de acondicionamento.

Así traballouse nas depuradoras de Bretoña e Miñotelo, na roza e limpeza da zona. Actuouse nesta zona despois do paso polas parroquias de Álvarez, Pousada, Fonmiñá e Bretoña. Tamén seguen con labores de limpeza de balsas contraincendios e captacións de auga.

Así mesmo, segue na adecuación de pistas de terra, como a acción que realizaron en Crecente e San Cosme de Piñeiro e melloráronse camiños de

terra en Baltar, Paraxes, Úbeda e Samartiño de Corbelle. En Crecente tamén se iniciaron obras de vías do Plan Deputación.

Por outra banda, tamén se traballou na mellora de vías municipais das zonas de concentración parcelaria, así foron rexistradas actuacións nas parroquias de Xemil, Rigueira e Outeiro Vilar.

Así mesmo, no relativo ás vías de comunicación tamén deron comezo as obras do Plan Marco 24/25 subvencionadas pola Xunta de Galicia. Así estanse a realizar actuacións en Pousada, Alvare, Crecente, Rigueira, Vián, Baltar e Bretoña.

Volven organizar o concurso de fotografía sobre a muller rural

Por sexto ano, co gallo do Día Internacional da Muller Rural, o Concello da Pastoriza aposta por visibilizar a través da fotografía as mulleres rurais, polo que volve a convocar o concurso Muller Rural da Pastoriza.

No concurso pode enviar calquera persoa sen importar o seu lugar de orixe e a temática consiste en imaxes de mulleres rurais do Concello no seu lugar de traballo, labores diarios, de temática libre. A fotografía enviarase a

través do perfil de Facebook ou enviando ao enderezo electrónico creado para a ocasión: concursofotografiapastoriza@gmail.com; colocándolle un título para a fotografía e poñendo a parroquia de orixe da fotografía onde foi feita.

As fotografías poden enviarse ata o 9 de outubro cando se publicarán e poderán votarse dándolle a "me gusta" ata o día 15, xornada na que se celebra o Día Internacional da Muller Rural.

pol



O Concello compra un autobús de uso municipal e para as asociacións

O Concello de Pol vén de facer efectiva a compra dun autobús con capacidade para 55 pasaxeiros que vai ser destinado a transporte de uso municipal e tamén para os distintos colectivos do termo municipal.

O vehículo, da marca Volvo, conta actualmente con 229.500 quilómetros e foi mercado por un prezo de 17.500 euros.

O autobús pasará a formar parte do parque móbil do concello e está rotulado con fotografías dos lugares máis emblemáticos do termo municipal.

Ademais de ser usado para o servizo de piscinas e multiusos do concello, a intención é que o autobús

poda ser usado en excursións das agrupacións de maiores, mulleres rurais, o club de fútbol ou mesmo os Roteiros de Pol

"A intención é acompañar aos nosos e levalos por toda a xeografía española e poder ofrecer un servizo máis ás asociacións e descargarlas de algún custe", explicou o alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

O autobús tamén porá en valor o novo proxecto que se vai crear no termo municipal, a Fundación Terras de Pol.

O alcalde adiantou que están esperando os estatutos rematados por parte da Xunta para oficializar a mesma e presentar as funcións que terá.

xermade

Sotavento inicia o curso concedendo o premio da proba de orientación

Sotavento inicia o programa de actividades de educación enerxética que se leva a cabo nunhas instalacións dende o 2001. O luns 23 de setembro, abriuse o prazo para xestionar as visitas escolares para este curso académico e, como ben sendo habitual, está a ter unha grande demanda dende a comunidade educativa e o público en xeral.

Este ano desenvolveranse de novo actividades fóra do propio parque experimental destacando as patrocinadas pola empresa Norvento Enerxía en distintos centros educativos dos concellos de Lugo, Abadín, Barro, Moraña ou Zas. Sotavento conta cun programa de actividades de educación enerxética que se leva a cabo nunhas instalacións de máis de 1000 m², entre as que destaca unha vivenda bioclimática real. A eficiencia enerxética e as súas repercusións ambientais e económicas no uso de diferentes fontes de enerxía, son aspectos fundamentais sobre os que xira o plan educativo.

Para xestionar unha visita pódese contactar a través do teléfono 981 563 777.

Sotavento fixo o sorteo público da



estación meteorolóxica sen fíos entre todas as persoas que participaron na proba de orientación proposta nos meses de verán. A actividade consistiu en atopar as balizas marcadas no mapa e anotar o número de control que existe en cada una delas. Unha vez rematado o circuíto e enviados todos os códigos correctamente a Sotavento, participábase no sorteo.

A proposta tivo grande aceptación dado que podía realizarse a proba calquera hora ou día ao estar dispoñible a súa descarga no exterior do parque. O agasallo foi para a Coruña e na actividade participaron máis de vinte persoas de distintas zonas de Galicia.

A asociación de Cabreiros presenta as actividades para iniciar o outono

A asociación veciñal de Cabreiros pon en marcha unha serie de actividades a desenvolver durante o inverno. Así, retomarán o club de lectura, que se iniciou o ano pasado e que se reúne cada último xoves de mes na casa escola de Cabreiros. As persoas que desexen anotarse poden facelo no 686 104 780.

Ademais, está previsto un curso de pandeireta, que se desenvolverá os sábados de 11.00 a 12.30 horas cun prezo de 10 euros para socios e de 15 para os non socios. Tamén ofrecen a posibilidade de tocar outro instrumento. O teléfono para anotarse é o mesmo.

Realizaron tamén unha demostración gratuita de ximnasia co obxectivo de probar e agora estudan a súa continuidade. Finalmente, o día 19 de outubro terá lugar un obradoiro de conservas artesanais que se desenvolverá por parte da Asociación A Estruga no Empalme. Terá unha duración de 4 horas e pode escollerse mañá ou tarde. Esta actividade ten un prezo de 25 euros para socios e 40 para non socios. Nestas dúas últimas actividades o teléfono de contacto para inscrición é información é do 606 282 251.

riotorto



Arias visita o colexio no inicio do curso escolar

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou no primeiro día de curso o CEIP de Riotorto, onde finalizará este mes a obra de rehabilitación integral que executa o Goberno galego cun orzamento preto de 520.000 euros. O ritmo das obras intensificouse no verán, de xeito que xa están completados os traballos interiores de construción de falsos teitos, pintura e instalación de iluminación LED.

A renovación da cuberta tamén

está finalizada e agora estase a traballar no illamento polo exterior cun sistema tipo SATE e na instalación da caldeira de biomasa que substituirá á antiga de gasóleo.

Arias apuntou que no conxunto da provincia de Lugo retornaron ás aulas 32.392 estudantes dos niveis de educación Infantil (5.387), Primaria (13.774), ESO (9.891), Bacharelato (3.270) e Educación Especial (70). No municipio de Riotorto incorpóranse 35 nenos e nenas de Infantil e Primaria.

O BNG denuncia falta de personal no consultorio

Desde o BNG de Riotorto denuncian unha vez máis o deterioro do servizo de atención primaria no noso municipio. "Nos últimos dous anos e medio, pasamos de ter dous médicos no centro de saúde a contar con só un que non é substituído en períodos de vacacións ou días de libranzas", din.

Volve ocorrer nestes días. Afirman que Riotorto leva dúas semanas sen persoal médico no centro de saúde polas mañás, no horario de atención habitual neste servizo. Só se fan consultas os martes e os xoves pola tarde, durante catro horas.

"A Xunta do Partido Popular está sometendo aos centros de saúde a unha incerteza e a un desgaste que ten como único obxectivo expulsar á xente da atención primaria e da sanidade pública, e converter a saúde nun negocio", engaden os nacionalistas.

"Coa complicidade dun goberno municipal que se borra á hora de reclamar o dereito da veciñanza a unha atención continuada no seu centro de saúde, pero tamén á hora de informar sobre os horarios e a situación dun servizo fundamental para todas e todos, conclúen.

AXENDA DE ACTIVIDADES

SAUDADE DE MOMÁN. A asociación de mulleres rurais Saudade de Momán conta este ano con clases de danju, que se desenvolverán os martes e xoves de 11.00 a 12.00 horas. Tamén haberá pilates os mércores co mesmo horario e comezando esta mesma semana. Ademais, están previstos obradoiros de manualidades, que serán dous sábados ao mes, en horario de 16.00 a 18.00 horas e que tamén arrancarán este mes. As persoas interesadas en participar deberán poñerse en contacto con Rocío no 653 635 801.

AMURAXE. A Asociación de Mulleres Rurais Amuraxe inicia en outubro varios cursos dirixidos á veciñanza. Así, haberá, un curso de danju, que se desenvolverá os xoves de 11.00 a 12.00 horas cun prezo de 20 euros ao mes e que comezará o día 3. Tamén se iniciará outro de cestaría, que será de 20.30 a 22.30 horas cun prezo de 10 euros ao mes para socias e 20 para non socias. Este curso tamén dará comezo en outubro. Haberá, a maiores, un xantar de magosto o 9 de

novembro, o mesmo mes no que dará comezo o campionato de tute, que será todos os venres ás 21.00 horas. Todo aquel que queira asistir a estas actividades, ten que anotarse nos teléfonos de Vero (651 662 583) e Lola (659 511 942).

ROMARÍA DOS DOLORES. Momán celebrará o 19 a Romería na Honra á Virxe dos Dolores e a Festa da Xuventude que arrancará ás 10.00 horas cunha xuntanza cabalar e a exposición de vehículos clásicos. Non faltará o oficio relixioso ás 13.30 horas, con procesión, que rematará cunha sesión vermú a cargo de D'Vicio. Ao mediodía terá lugar o xantar no que haberá mexillóns en salsa, langostinos á plancha, codillo asado con patacas, tarta de San Marcos, café e licores. A comida ten un prezo de 33 euros para adultos, 16 para rapaces de entre 6 e 12 anos (pizza e milanese de polo) e será de balde para os máis pequenos. Pola tarde haberá música coa disco móbil de Puzzle Animación, ademais do campionato de tiro á corda por equipos e a

animación dun DJ con música dos anos 80. Pola noite haberá unha liscada ás 21.30 horas con liscos, chourizo e pan de balde, antes de rematar cunha verbena, na que actuarán D'Vicio e Cinema.

BURGÁS. A asociación veciñal de Burgás ten convocado un curso de manualidades para desenvolver na parroquia, na Casa Escola, a partir do 4 de outubro. Será os sábados cada quince días e faranse traballos de manualidades, tapizado e cestaría, entre outros. As persoas que desexen anotarse poden facelo no 676 937 189.

ROUPAR. A asociación de veciños de Roupár realizará o día 26 de outubro unha excursión á Ribeira Sacra e Monforte. Esta ten un prezo de 40 euros para socios e de 50 para o resto, e inclúe autobús de ida e volta, visita a unha adega, paseo en catamarán, xantar, guía e seguro. A inscrición debe facerse no teléfono 608 835 165 ou no 678 063 311. A saída será ás 8.00 horas da Escola de Casanova.



A Deputación aproba novos investimentos para accións no cárcere

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres novos investimentos por un importe conxunto de 30.000 euros para que as entidades asociativas e os concellos da provincia poidan desenvolver proxectos e actuacións que beneficien á veciñanza. Así o informou a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto. García Porto concretou que “acordamos destinar á Asociación Penitenciaria Concepción Arenal unha achega económica de 23.900 euros para desenvolver o proxecto Entre a pel e a cultura: programa de intervención afectivo-sexual. Unha iniciativa que vai dirixida a persoas que se atopan cumprindo penas privativas de liberdade nos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso”.

Esta programación aborda a perspectiva afectivo-sexual das relacións de parella e trata coas persoas participantes cuestións como a desinformación, as carencias afectivas, a falta de autoestima, a instrumentalización das relacións

sexuais ou os estereotipos que se atopan neste eido, entre outros aspectos. Trátase dunha programación personalizada que se desenvolve a través dun amplo equipo profesional composto por unha psicóloga forense, unha criminóloga e unha traballadora social -entre outros especialistas- e que realizan unha intervención individualizada, familiar, grupal e de xeito flexible.

O proxecto inclúe un taller de educación afectivo-sexual que se desenvolve durante 20 sesións grupais, actividades de mediación e terapia de parella e un servizo de desprazamento aos centros penais para favorecer a execución do programa.

Na súa intervención, a deputada lembrou que “o obxectivo principal desta iniciativa é abordar cos internos e internas coñecementos relacionados coa sexualidade e a afectividade; a prevención de embarazos non desexados; ou a importancia de protexerse contra enfermidades de transmisión sexual”.

O Pleno rexeita dúas mocións da oposición, únicos puntos do día

A casa consistorial de Outeiro de Rei acolleu un novo pleno ordinario cunha orde do día na que se trataron dúas mocións ademais da aprobación das actas da sesións anteriores. Unha delas era do PSOE relativa ao gas radon. O grupo socialista propuxo unha iniciativa para financiar obras e medicións relacionadas coa xestión do gas radon, que é un elemento presente en moitas partes do solo de Galicia coñecido polos seus efectos radioactivos, con secuelas a longo prazo. O equipo de goberno argumentou que ese tipo de iniciativas, de problemática xeral, deben ser financiadas pola deputación de Lugo, gobernada polo PSOE e o BNG. “Non é entón unha competencia municipal”. A moción rexeitouse con 3 votos a favor e 9 en contra.

Tampouco foi aprobada a moción do BNG relativa á aprobación dos orzamentos do ano 2025. Os concelleiros propoñían medidas para asegurar a presentación dos orzamentos municipais antes do día 31/12/2024. O

equipo de goberno respondeu que a aprobación dos orzamentos vai ligada a outras xestións administrativas que dependen directamente do goberno central, polo tanto a proposta do BNG foi rexeitada xa que só contou con 3 votos a favor e 9 en contra. O Grupo Municipal Socialista denuncia a “preocupante falta de xestión do alcalde, quen non só segue sen levar ningunha moción nin iniciativa aos plenos municipais, senón que, ademais, admitiu publicamente o incumprimento da Lei en materia de Orzamento”.

Durante o pleno, afirma a voceira do PSdeG no municipio, Carmen Acacio, o alcalde recoñeceu con total despreocupación que “evidentemente non cumprimos a Lei, pero como ultimamente en España as leis están para non cumprir, así de sinxelo. E mire se é grave o que acabo de dicir. Gravísimo”. Esta declaración “é unha mostra da súa incapacidade para xestionar con responsabilidade o goberno municipal”.

O PSOE denuncia “opacidade” na xestión da nova piscina municipal

O grupo municipal socialista de Outeiro de Rei denuncia a falta de transparencia do Concello ao non sacar a licitación pública a explotación da cafetería da piscina municipal, a pesar de saber desde hai meses que este verán a nova piscina estaría en funcionamento. A súa voceira, Carmen Acacio, alerta de que “esta situación é inadmisíbel e supón un grave prexuízo tanto para os posibles interesados como para os hostaleiros do municipio”.

Segundo informan os socialistas, o Concello asinou un convenio con unha persoa para a explotación da cafetería sen ningún proceso de concurso ou licitación, permitindo que esta persoa explore o negocio a custo cero. Acacio explica que “esta decisión, non só priva ao resto de cidadáns de Outeiro de Rei da posibilidade de optar a este servizo a través dun proceso público e transparente, senón que tamén crea unha situación de competencia desleal para o resto dos negocios de hostalería do municipio”.

Desde o grupo socialista subliñan



que a xestión da cafetería debería terse realizado mediante un proceso de licitación pública aberto, tal e como debe facer unha administración pública. “É inxustificable que o Concello, sabendo desde hai meses que a piscina abriría este verán, non tomara as medidas necesarias para garantir unha xestión adecuada e xusta deste servizo. En lugar diso, optaron por unha adjudicación directa sen custo para o concesionario, o que resulta escandaloso”, afirman. Esta situación non só prexudica aos

veciños interesados en participar nunha licitación transparente, senón que tamén afecta directamente aos hostaleiros de Outeiro de Rei, que ven como se lles impón unha competencia desleal. “Non se pode consentir que un negocio municipal sexa cedido gratuitamente sen ningún tipo de control ou fiscalización. Esta falta de rigor vai en contra dos intereses da veciñanza e dos hostaleiros, que pagan impostos e teñen que competir en condicións xustas”, engaden.

Abre o prazo de inscrición das actividades de outono e inverno

O Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para as actividades da tempada 2024-2025. Estas actividades estarán divididas en varios bloques, as culturais, deportivas, da OMIX, de Promoción da Muller e para maiores, seguindo a dinámica de edicións anteriores. No apartado de cultura e lecer ofértanse actividades de inglés, obradoiros, escola de maxia, teatro, bailes de salón (iniciación e perfeccionamento), micoloxía, gancho, calceta e macramé, charlas de alimentación saudable e dúas viaxes, á Finca Galega de Alfoz e a Ruta da Auga de Guitiriz.

Dentro da oficina de información xuvenil a oferta contén ximnasia rítmica, escola de música (de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol), pádel e manexo de drones.

No capítulo do deporte haberá fútbol sala, balonmán, taekwondo, ximnasia na auga, natación infantil, tenis, tiro con arco, patinaxe, pilates, ioga, BTT, rutas de sendeirismo, escola de motociclismo, curso de conducción de motociclismo e adestramentos libres kart/moto en circuito, entre outros. Finalmente, no apartado de promoción da mu-



ller haberá diferentes formacións con obradoiros de todo tipo. Non faltará a celebración do día Internacional da Muller traballadora (8 de marzo) e o convocado contra a violencia de xénero (25 de novembro).

Así mesmo, están previstas outras celebracións festivas como a de Reis, Entroido e dos Nenos.

Para os maiores tamén haberá un grupo de actividades entre as que figuran ximnasia, memoria, manexo do móbil, coidado dos pés e excursións, este ano a Ribadeo e ao

Corpus Christi de Pontearreas e Mondariz.

Por ser o número de prazas limitado estas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra. O prazo remata o 11 de outubro.

As cotas aboaranse dentro do prazo de inscrición; as persoas non empadroadas en Outeiro de Rei aboarán cotas a maiores da establecida: curso de 2 meses, 10 euros, cursos de 3 a 4 meses, 20 euros e de 5 meses en diante, 30 euros.

DEPUTACIÓN

O Pleno reclamará á Xunta que resolva a falta de profesorado

A Deputación esixiralle á Xunta que resolva a falta de profesorado e recupere a gratuidade dos libros de texto neste curso escolar que vén de comezar. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de setembro tras a proposta de Goberno, que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG, do BNG e coa abstención do PP.

Explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que un ano máis, “como vén sendo costume dende o 2009” o inicio do curso académico en Galicia revela a distancia que medra entre a actitude “triumfalista” da Xunta e as carencias que denuncian as familias, os mestres e a comunidade educativa. “A Xunta ofertaba nas últimas oposicións 1.512 prazas de novos profesores, pero só cubriu 1.256. As 256 prazas non cubertas eran un capricho administrativo? Non obedecían a necesidades reais? Non hai entón unha falla de profesores?”, preguntou no Pleno García Porto.

“Dicir que a educación infantil é de balde é un xeito de agochar a falta de prazas públicas en escolas infantís”, denunciou García Porto. A Xunta asegura que coas 32.000 prazas dispoñibles, sumando a oferta pública e privada, está escolarizado o 56,4 % dos nenos entre 0 e 3 anos. “Se as cifras que ofrece a Xunta son fiables, a aplicación dunha simple regra de tres revela que farían falla máis de 25.000 prazas en escolas infantís para atender ao cento por cento da poboación infantil e as necesidades de conciliación das familias”, engadiu. Reprochou tamén que non se pode falar de gratuidade na educación primaria e na ESO cando unha



familia continúa a gastar de media uns 600 euros de media en libros e material escolar cando arranca o curso.

Unhas carencias que, segundo explicaba García Porto, afectan gravemente á provincia de Lugo e especialmente aos concellos do rural.

O texto da proposta aprobada reclama tamén que se garanta a presenza dos profesores de apoio para todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais, que se cumpran as ratios de alumnos por aula pactados cos sindicatos e que se presente un plan para incrementar as prazas de educación infantil ata garantir a plena escolarización nesa franxa de idade.

Medidas para evitar a suba do canon de recollida de lixo

O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que tome medidas para evitar a suba da taxa de tratamento de lixo aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, do BNG e cos votos en contra do PP.

Co acordo adoptado no Pleno, a institución provincial esixe, por unha parte manter o canon establecido aos concellos galegos de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada; manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario; que se reparta a contía de 12,1 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos; que se achegue a Sogama a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificación no canon dos concellos; incrementar as subvencións aos concellos para implementar medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos; que se constituía unha comisión de traballo entre Sogama, as Consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025; e ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022.

Escollidos os gañadores dos Premios de Turismo e Gastronomía



A reunión do Consello Provincial de Turismo deu a coñecer os sextos Premios á Excelencia de Turismo nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense, e, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e ao Turismo Sostible. Uns premios instaurados por este órgano participativo e consultivo que creou a institución provincial.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense o xurado distinguiu A Ruta dos Lobos da Fonsagrada e a Mina Consuelo e Boulloso da Pontenova; na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense premiouse á Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite de Ribas de Sil, e a Feira do Capón de Vilalba; e na de Turismo Sostible cun único premio foi concedido ao Barco Museo Reina del Carmen de Burela, e outorgouse un accésit á Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

“Estes galardóns, instaurados por este órgano participativo e con-

sultivo que creou a institución provincial, representan un merecido recoñecemento ao traballo e á traxectoria exemplar de empresas, persoas, institucións ou entidades no ámbito do turismo e a gastronomía da provincia”, explicou Pilar García Porto.

A decisión adoptada polo Consello Provincial de Turismo debe ser agora aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, como órgano competente para a resolución da convocatoria dos distintivos, e posteriormente publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Os premiados recibirán a súa distinción nun acto que celebrará a institución provincial o vindeiro 27 de setembro, con motivo do Día Mundial do Turismo.

O xurado estivo formado por 18 persoas que forman o Consello de Turismo, vinculadas a este sector e coa presenza de representantes dos tres grupos políticos da Corporación provincial.

Firman un convenio para impulsar a investigación tecnolóxica

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, mediante o cal a institución provincial achega a esta entidade un total de 9.500€. Trátase dun acordo entre a Deputación, a USC, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) para promover actividades de investigación tecnolóxica, favorecer a difusión no medio económico e social e impulsar a súa dinamización a nivel interno entre a propia comunidade universitaria.

As iniciativas que se inclúen nesta colaboración e que se desenvolven a través do Campus de Lugo van dirixidas a dar a coñecer entre o profesorado da Universidade os proxectos e as convocatorias de I+D+i realizadas por distintos organismos e entidades a nivel autonómico, estatal e internacional. Nesta actuación inclúese tamén o apoio, mediante persoal técnico, na elaboración de propostas das distintas convocatorias. Así mesmo, tamén se introduce a captación de recursos e proxectos para diferentes áreas e a difusión dos resultados

dos proxectos e actividades de I+D+i do Campus de Lugo nos medios de comunicación, o que favorecerá a transferencia de coñecemento ao conxunto da sociedade.

O orzamento total deste convenio ascende ata os 62.800 euros, dos cales Caixa Rural Galega achega un total de 50.000, a Universidade 3.300 e a institución provincial a contía restante -9.500-.

No acto de sinatura, o mandatario provincial recordou que a Deputación mantén unha colaboración activa coa Universidade de Santiago de Compostela.

ASOPORCEL



A Área do Medio Rural da Vicepresidencia reforzará a colaboración con Asoporcel para colaborar no financiamento das iniciativas de promoción do consumo de carne desta raza autóctona que a asociación de criadores desenvolverá coincidindo co 25 aniversario. Daniel García mantivo un encontro de traballo con representantes da entidade, na que se acordou unha colaboración excepcional de 12.000 euros e na que se puxo en relevo o traballo desenvolvido pola entidade na recuperación da raza e na promoción dos seus produtos nas feiras e mercados de proximidade como un referente de calidade.

COLABORACIÓNS

O noso carro

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río


Desde que se inventou a roda, moito antes de inventar os tractores, cada país e cada cultura ideou o seu tipo de carro axeitando as súas necesidades e hoxe temos diferentes tipos de carros rodando polo globo terráqueo, adaptados ao tipo de carga, ás necesidades, á orografía, ao tipo de terreo e ao clima de cada país, polo que cada comunidade ten o seu, acorde co seu país, uns tirados por cabalos, outros por vacas e outros mais lixeiros tirados incluso por persoas, como os carros chinos e doutros países asiáticos.

Temos, na península ibérica, o carro de rodas de madeira con radios na meseta central, en Castela e Andalucía, tirado por mulas ou cabalos. Uns carros moi débiles e lixeiros, apropiados para terreos secos e duros, pero non serven para transportar grandes cargas nin andar por veigas e camiños húmidos nos que haxa lama, polo que non serían apropiados para as labores que se desenrolaban nos campos galegos. O primeiro carro seica apareceu na

Galiza entre 1200 e 1000 anos antes de Cristo; sabemos que o noso é moi anterior ao cristianismo e á romanización, de aí que algunhas das súas pezas aínda leven nomes de orixe celta, como “camba”, “canga”, “cheda” e “chedeiro”.

É moi robusto e pesado, feito maiormente con madeira de carballo, salvo o eixo e os “coucillóns” ou “chumaceiras” e as “treitoiras”, que eran de freixo ou de bidueiro, madeiras que ofrecían menos resistencia de rozamento ao xiro e resistentes ao desgaste. Para un menor rozamento untábase o eixo e as chumaceiras con touciño, pero si queríamos que cantase mollábanse con auga. Manuel María dedicoulle un poema, que con música do amigo Mero se converteu nun precioso himno dos nosos campesiños, cantado primeiro por Fuxan os Ventos, despois pola Quenlla e agora en case todas as festas populares.

As rodas son moi resistentes, para andar polo monte e polos camiños embarcados, xa que a súa construción, sendo fortes e pesadas, están deseñadas para que non prendan na lama. Constan de tres pezas de madeira de carballo: o “mión”, que vai no medio e leva o furado onde encaixa o eixo e as dúas pezas curvas que van a cada lado do mión



e que levan o nome de cambas. As tres pezas van unidas por dúas travesas interiores desa madeira, catro arcos laterais de aceiro (dous a cada lado) e un aro mais grosso, tamén de aceiro, no perímetro exterior.

O chedeiro é a plataforma onde se colocan os materiais a transportar; está composto por unha peza central chamada “cabezalla” e as chedas, outras dúas colocadas a cada lado da cabezalla, nas que pola parte de abaixo van colocados os coucillóns ou chumaceiras. A cabezalla, as dúas chedas e unhas táboas lonxitudinais, chamadas “sollo” ou “soallo”, que van apoiadas nas “cadeas”, que unen transversalmente a cabezalla coas chedas, onde van tamén os furados para os “estadullos” ou “fungueiros”, que terman das táboas

laterais chamadas “canizos” ou “ladrales”, conforman o chedeiro. Na comarca da Terra Chá tamén sole levar na parte dianteira unha peza chamada “retealla”, que une tamén as tres pezas do chedeiro, onde leva os furados para os dous fungueiros que terman da canga, unha peza de madeira en sentido transversal a un metro de altura. Todas elas deben ir unidas mediante tornos de madeira e non se deben utilizar cravos de aceiro mais que para unir as pezas de aceiro das rodas. Estas son as partes principais do noso carro, do que existen moitas variantes locais e esas pezas tamén teñen diferentes nomes dependendo do lugar, unha verdadeira obre de arte etnográfica dos nosos “fragueiros”, que é como se chamaban os carpinteiros que os facían.

O noso carro non precisa camiños nin corredoiras e o monte non é obstáculo para el, pois como dicía Antonio Machado, el fai o camiño ao andar polo noso monte; tirado polas

nosas “rubias galegas” é doado de conducir, pois o noso gran etnógrafo Xaquín Lorenzo, mais coñecido por “Xocas”, na súa curtametraxe “O carro e o home” (que a lectora ou lector pode atopar en Youtube) afirma: “Pode ser conducido por un picariño, porque as nosas vacas teñen a mansedume e a forza de todo o que é realmente grande, un neno pode levalo e a xugada obedece dócil ao seu mandato sen que o neniño teña precisión dun gran esforzo”.

Unha pena que desaparecera o noso carro sen cumprir a profecía das nobres verbas de Xocas no remate da película: “O carro seguirá rolando polas nosas congostras e polos nosos montes, dando ar á queixa da terra asoballada. É o canto de esperanza dun mañá, cecais lonxano, mais seguro, fito no noso pobo e fito da nosa cultura; fito do noso home, fito do noso campesiño, e sigue rolando cara o porvir”.

Será historia, pero seguirá sempre na nosa lembranza.

O RECUNCHO DE CANELINA



O fume veu do Sur

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A campaña de verán re-matou e aínda que non se pode dicir moi alto polo que poda pasar nos vindeiros días dun outono do que descoñecemos que climatoloxía poderá traer, o certo é que os incendios forestais no conxunto de Galicia nestes últimos meses foron de pouca envergadura. Sempre doe ese monte que foi arrasado polas lapas, desta vez en municipios de Pontevedra e Ourense, como Pontearreas, Cea ou San Cibrao das Viñas, pero a dicir verdade, a superficie queimada, insistimos no desacougo que produce, non foi excesiva. Sorprende que en abril deste ano o número de hectáreas fose bastante superior ao do verán, segundo datos

da consellería correspondente. Na provincia de Lugo e concretamente na Terra Chá, habendo algún episodio incendiario, desta libramos.

Pero no ceo galego contemplamos como o fume viña do Sur, alén do Miño, desde Portugal, quen sufriu novamente unha vaga de lumes en diversas zonas do seu territorio. A consecuencia dos mesmos, o que ardeu sería unha extensión que abrangería os concellos de Vilalba, Guitiriz e Cospeito, ou incluso máis, e o que resulta infinitamente máis grave, varias persoas morreron, entre elas tres bombeiros. Foron uns días terribles en áreas do centro e norte do país veciño; vivendas, bosques, animais e outras propiedades foron vítimas destes despiadados incendios aos que custou extinguir. As autoridades lusas víronse na obriga de declarar a situación de “calamidade”. O acontecido lembraba o dramatismo vivido en xuño de dous mil

dezasete, en Pedrôgao Grande, con máis de sesenta mortos, devorados polo lume. Despois daquela desgraza, unha imaxe converteuse en viral, cando o propio Presidente da República, Rabelo de Sousa, arrincaba eucaliptos coas súas propias mans, de traxe e garavata, todo hai que dicilo. Simultaneamente, o goberno decretaba a prohibición de plantar esa especie en zonas queimadas.

En Galicia, os cargos responsables de Medio Rural non disimulan a satisfacción pola baixa incidencia dos incendios no presente ano, máis ben habería que dicir que mostran alivio. Porque semella que son as condicións climatolóxicas as que determinarán cada ano o que arde ou non. É dicir, unha cuestión de sorte; cruzamos os dedos e a ver, xa que as medidas implementadas non parecen de abondo á hora de loitar contra esta lacra estrutural que padecemos. Un par de semanas con temperaturas

excesivamente altas, con vento e escasa humidade, incluso en inverno, e a ameaza está aí. Existen normativas onde se obriga a limpar as fincas de arredor das vivendas e que marcan as distancias das plantacións, pero na realidade comprobamos que en moitas ocasións non se cumpren eses mandatos. E por último, recóñese que a inmensa maioría dos incendios teñen un carácter inten-

cionado, estando a man do home detrás. Mais as detencións deses pirómanos son anecdóticas e descoñecemos, ou canto menos, non están claras as motivacións daquelas persoas que prenden o misto, se actúan en solitario, se existen tramas organizadas. Incógnitas que non se despexan. E mentres, miraremos o ceo agardando que se está gris, que sexa porque ven a choiva.

TERRA CHÁ

Mozos manexadores impuxéronse nun concurso internacional

A deputada Iria Castro recibiu no Pazo de San Marcos as rapazas e rapaces do Club de Xóvenes Gandeiros, premiados no certame internacional de manexo de gando Young Breeders School que se celebrou do 28 de agosto ao 1 de setembro en Bélxica.

Trátase de María e Andrea Otero, da granxa Fontixón, de Castro de Rei, Alba López, da Gandería Quintián, do Páramo, Xabier Montes, de Rodeiro, e Simón Blanco, do Val do Dubra.

A responsable provincial sinalou a necesidade de valorar este tipo de recoñecementos. "É importante que presumades do premio, e que presumades tamén do traballo como gandeiras e gandeiros para animar o relevo xeneracional", explicou a deputada que lembrou a importancia do sector leiteiro na provincia de Lugo, que produce o 40 por cento do leite de Galiza.

Do equipo premiado formou parte tamén Lorena Iglesia, da SAT Rey de Miñotel, da Pastoriza, que non puido acudir ao acto.

Nesta edición do YBS participaron un



total de 180 mozos gandeiros procedentes de todo o mundo, agrupados en 29 equipos. O conxunto español, organizado polo Clube de Xóvenes Gandeiros e a Federación Frisoa Galega, coa colaboración de Clun, acadou un fito sen precedentes, ao obter o primeiro posto na clasificación por países, superando a Suíza, que quedou en segundo lugar, e a Polonia, que ocupou o terceiro.

O equipo que representou a España conseguiu o primeiro posto na clasificación por países, superando a 28 equipos de todo o mundo. María Otero, Xabier Montes e Alba López brillaron nos postos máis altos das

súas seccións e no ranking xeral. Simón Blanco destacou na súa categoría e alzouse coa segunda mellor puntuación de Europa no exame de morfoloxía, e Andrea Otero e Lorena Iglesia tamén fixeron excelentes actuacións nas súas seccións, acadando uns boísimos resultados.

Durante varios días, os participantes deberon superar probas, desde preparar xatas, pelalas e domalas, ata crear un posto que representase a Galicia baixo a temática do Camiño de Santiago, que incluíu unha representación da Catedral, un vídeo de presentación do equipo e folletos informativos.

EN BREVE



PROTESTA. Debido aos recortes que se efectuarán nos centros educativos da provincia para este curso, a Fapacel xunto coas Anpas afectadas celebrou unha concentración diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia de Lugo. Baixo o lema *A educación pública en pé*, pediron que se reduzan os recortes e máis compromiso por parte da Xunta nesta cuestión.

TEATRO. Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego facilita un autobús gratuito en varios concellos para acudir o domingo 6 de outubro ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de Terceiro Acto. Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros. Previamente ó teatro, haberá tempo libre para gozar de Compostela. O autobús sairá de Xermade ás 15.30 horas da praza do Concello e a función é ás 18.00. Regresárase ás 20:30 horas.



TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	TELÉFONOS DE INTERESE Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061	INCENDIOS FORESTAIS: 085 GARDA CIVIL: 062	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	TELÉFONOS DE INTERESE		XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55
TELÉFONOS DE INTERESE			+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

DEPORTES



400 persoas sumáronse ás carreiras solidarias do colectivo pontés Xanela

Preto de 400 persoas participaron este domingo nas carreiras e na andaina que tivo lugar nas Pontes organizada por Xanela con carácter solidario.

Na carreira absoluta resultou vencedor Antonio Teijido (Ría de Foz), cun tempo de 16:07, sendo segundo e tamén o primeiro pontés Manuel Campello (Narón), que entrou no

16:44, e terceiro José Ángel López (Egobarros Viveiro), cun 17:37 de marca. A primeira muller en entrar na meta foi Carla Irlas (A Coruña), cun tempo de 20:39; segunda foi Rebeca Soto (Narón), con 21:26, e terceira Fina Blanco (21 Leguas) que parou o crono en 21:55. A primeira pontesa foi a cuarta da xeral, Isa Díaz (Trieume), que fixo un 23:14.

“O club tivo un gran crecemento en membros e notoriedade”

Mercedes Vázquez Alonso, secretaria do Club de tiro con arco de Guitiriz

Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?

O club de tiro con arco Guitiriz fundouse en maio do ano 2012 polo interese e empeño persoal dos seus fundadores en continuar coa práctica deste deporte máis alá das clases de iniciación das escolas deportivas municipais onde se iniciaron nesta actividade, e promover este deporte na contorna. Ao longo destes anos participamos en numerosas competicións locais e autonómicas.

De que logros se senten máis orgullosos?

Estamos especialmente orgullosos de ter conseguido podios no Campionato Galego de aire libre e de sala, nos Trofeos Federación Galega-Xunta de Galicia e en Torneos Autonómicos por equipos, campionatos rexionais e algún título nacional.

Cantos deportistas e de que categorías tedes actualmente? E adestradores?

Actualmente, temos 21 arqueiros inscritos no club, en categorías infantil, xuvenil, sénior e veterano. Contamos cun adestrador acreditado que se encarga de dirixir os adestramentos e preparar aos nosos membros para as competicións.

Experimentou un crecemento nos últimos tempos?

Si, nos últimos anos, o club experimentou un significativo crecemento en número de membros e en recoñecemento dos seguidores. Gracias, en gran parte á difusión e promoción nas redes sociais do éxito dos nosos arqueiros nas competicións.

Que obxectivos hai?

Temos programada a participación en varios torneos importantes e a organización do II Trofeo Concello de Guitiriz. Dentro dos obxectivos do club están o de seguir mellorando as marcas persoais dos nosos arqueiros, conseguir a captación de novos socios, incidindo nos máis novos e promover a práctica desta disciplina deportiva alcanzando a máis persoas cada vez.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

Dentro do máis inmediato están a mellora do noso equipamento deportivo e as instalacións para a práctica do tiro con arco. Tamén queremos aumentar e mellorar a presenza do club nas redes sociais para dar difusión á nosa actividade e atraer máis público e futuros compañeiros para o club.

Guitiriz prepárase para o XX Rally Rías Altas Histórico do día 19

O XX Rally Rías Altas Histórico celebrarase o 19 de outubro de 2024 en Guitiriz, reunindo a uns 50 equipos de vehículos clásicos nunha proba que percorrerá os municipios da comarca.

O próximo 19 de outubro de 2024, celebrarase o XX Rally Rías Altas para vehículos históricos, organizado polo Moto Club Coruña-Escuadra Centola, coa colaboración da Asociación Lucense de Automóviles Antigos e o Concello de Guitiriz.

A proba terá o seu epicentro no Concello de Guitiriz, onde a saída se realizará desde a praza do Campo da Feira e a meta estará no Balneario de Guitiriz. Desenvolverase durante a tarde do sábado, cun percorrido total de 175 km, que discorrerá polos concellos de Guitiriz, Xermade, Aranga e Monfero. Espérase a participación de equipos de diversas escuadras de



clásicos de Galicia, así como da Asociación de Amigos do MAHI e mesmo dalgún equipo de Asturias, alcanzando a inscrición de edicións anteriores, ao redor dos

40-50 equipos participantes. Este rally é unha das grandes atraccións do mes de outubro e conta con numeroso público todos os anos.



E necesidades?

As principais necesidades están relacionadas co anterior, adquirir máis material deportivo de calidade, mellorar as instalacións, e conseguir ser atractivos para aumentar o noso número de socios.

Contan con axuda para manter o club activo?

O club mantense activo gracias ás cotas dos socios e a o apoio do Concello de Guitiriz, cunha subvención anual e facilitando o uso das instalacións municipais para a práctica da actividade.

Que nos pode dicir da afección?

A afección ao tiro con arco en Guitiriz medra pouco a pouco. Anímanse a probar esta disciplina dende a xente moza ata os seus pais.

Ademais da competición programan outra serie de actividades?

Si, ademais da participación en competicións, temos organizadas xornadas de portas abertas para o público en xeral, xornadas de achegamento do tiro con arco nos centros escolares do Concello, con demostración in situ desta disciplina, con participación dos alumnos e profesores e, todas as tempadas levamos a cabo a escola deportiva de tiro con arco

para a iniciación ao tiro con arco para nenos e adultos.

Cal é a idade máis apropiada para practicar este deporte?

O tiro con arco pode practicarse desde idades moi temperás, arredor dos 10 anos, ata idades avanzadas. Adaptando o equipamento e o adestramento a cada franxa de idade.

E cando se deixa?

Non hai unha idade determinada para deixar de practicar o tiro con arco. Moitos arqueiros seguen activos moitos anos e outros deciden

deixalo antes... A decisión de retirarse normalmente depende da condición física e das preferencias persoais de cada un.

Que beneficios ten?

O tiro con arco achega numerosos beneficios. Entre outros podemos sinalar que mellora a concentración, mellora a coordinación e o equilibrio e diminúe os niveis de estrés. Tamén axuda a desenvolver a forza física e mental, e proporciona un gran sentido de comunidade entre os practicantes.



Convocan a III Liga de Pádel de Begonte

O Concello de Begonte pon en marcha a terceira edición da Liga de Pádel de categoría única para parellas masculinas, femininas ou mixtas. Esta competición alongarase durante todo o mes de outubro para rematar sobre o mes de xuño. A relación de partidos dependerá do número de parellas inscritas.

A inscrición ten un prezo de 20 euros por parella, cota que non inclúe o alugueiro da pista para os partidos. Todos os participantes serán marcados como socios da pista de pádel ata xuño de 2024, o que vén acompañado dun desconto en todas as súas reservas futuras, sexan ou non para esta liga.

A competición consistirá nun partido semanal datado de mutuo acordo coas parellas. Ademais, estes poderán seguir resultados e calen-

darios en formato online.

As parellas interesadas deberán inscribirse antes do 30 de setembro no Concello de Begonte, a través do deportes@concellodebegonte.es, o Whatsapp 619 455 026 ou no teléfono 982 396 143.

TORNEO DE PADEL. Rematou en Begonte o IV Torneo de Pádel, no que participaron un total de 23 parellas dentro da programación deportiva e cultural de verán.

Só faltou unha parella para completar o aforo máximo da competición, na que Isma e Ángel fixéronse co primeiro premio e Alberto e Saúl quedaron na segunda praza.

Tamén houbo premios no cadro de consolación, José María e Bernardo quedaron campións e Xabi e Brais, segundos.



Troitas Bravas continúa á fronte da liga de billarda logo da segunda xornada

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Coa VI edición do Aberto de Billarda A ceo aberto deu comezo a segunda xornada da LNB NorLeste. Foi no campo de fútbol Manuel Luna de Pol, debidamente acondicionado para a ocasión, onde se deron cita 73 palanadores (47 homes, 16 donas e 10 cativos).

Nunha fermosa mañá, so un pouco de vento puxo en algún aperto aos palanadores que porén souberon capear a situación con bo humor, e falando de humor destacar como sempre a Juncal, palanadora alegre onde as haxa que festexa cada golpe brincando polo campo e que por certo deu a de cal acadando o terceiro posto de donas por detrás das grandísimas estrelas Irea e

Alba. Por equipos os Troitas volven ser Bravas e gañaron con solvencia por diante de Carabullo e dos Billardeiros musicais, seguen a ser o equipo máis numeroso e difícil de bater.

Gañador foi Sachas con 24 punto e o actual Coroceiro Nacional David Navarro foi segundo con 22. Terceiro foi Sachas, do anfitrión Billarda Verde, logo dun desempate con Dani de Carabullo. E Madia Leva non dá opción en infantís, Diego e Mateu só deixan libre o terceiro posto, ocupado nesta ocasión por un gran Mateo de Troitas.

Entrega de agasallos por parte de Manu e fin de festa emprazándonos para o vindeiro 20 que volverán xogar na Pontenova.



O Campionato Galego de Karting pechou o ano no circuíto outeirés

O Campionato Xunta de Galicia de Karting pechou a tempada 2024 cunha gran participación e un ambiente de emoción no circuíto de Outeiro de Rei. Con 73 equipos rexistrados, o evento atraeu a numeroso público, quen gozou de dúas xornadas cheas de adrenalina e un clima asollado que acompañou á perfección.

O sábado foi o día para os adestramentos libres e as carreiras dos máis novos, mentres que o domingo decidíronse os campionatos autonómicos en varias categorías.

Aroa Fernández brillou na categoría rookie, levándose dúas vitorias e o título autonómico. Na categoría mini, Kevin Fernández e Rafael Simón repartíronse as vitorias, con Kevin levándose o título. Tamén destacaron Iván Rise na sénior e Lino Colado en KZ, quen dominou ambas as carreiras da fin de semana.

Este peche de tempada foi só o comezo do que promete ser un emocionante broche final coa segunda edición da Supercopa de Karting.



176 ciclistas participaron en setembro no primeiro premio de Outeiro de Rei

A localidade acolleu o primeiro Gran Premio de Ciclismo de Outeiro de Rei, reunindo a un total de 176 mozos ciclistas de entre 5 e 16 anos. A proba, que comezou ás 15:30 na Praza do Concello, percorreu un circuíto urbano de 2,2 km, deseñado para poñer a proba as habilidades e resistencia dos participantes.

Equipos ciclistas procedentes de toda a comunidade galega acudiron ao evento, que destacou polo seu alto nivel de competición e o entusiasmo tanto dos corredores como do público. Ao longo da tarde, as

rúas de Outeiro de Rei enchéronse de familias e afeccionados ao ciclismo, no que foi unha xornada deportiva marcada polo bo ambiente.

A pesar de que a choiva fixo acto de presenza na última parte do evento, nin os participantes nin os espectadores deixáronse desanimar. A competencia continuou con normalidade, e o público mantivo o seu apoio constante aos ciclistas. Tanto os corredores como os asistentes valoraron moi positivamente a experiencia, destacando a boa organización e a emocionante xornada deportiva.

Vilalba acolle o día 5 o Campionato Galego de Fisioculturismo

O sábado 5 de outubro, o auditorio municipal de Vilalba acollerá a celebración do Campionato Galego de Fisioculturismo.

A xornada abrirase ás 10:00 horas coa pesada e será a partir das 12:00 será cando dea comezo o campionato.

Trátase dun evento organizado pola Federación Galega de Culturismo (FGFF) e a Federación Española de Fitness e Fisioculturismo (FEFF).

Para poder asistir, a venta de entradas está habilitada na web www.entradasvilalba.es.

Organizan clases de pádel na Pastoriza

A Asociación Cultural Miño e o Concello da Pastoriza anuncian a celebración de clases de pádel para todas as idades.

Esta idea xurdiu logo do éxito que obtivo o torneo celebrado na localidade e o obxectivo de abrir a práctica deste deporte a todo o que o desexe.

As persoas interesadas en apuntarse poden facelo no 659 555 176. As clases, que poden ser en grupo o individuais, daranse na pista de pádel da Pastoriza.



Capóns Vilalba presidirá a primeira concentración de escolas de rugby de Galicia

O vindeiro 19 de outubro Capóns Vilalba Rugby Club organizará a primeira Concentración das Escolas de Rugby de Galicia da tempada en colaboración ca Federación Galega de Rugby e o Concello de Vilalba.

É por tanto a primeira vez que o club ten a posibilidade de reunir a tódalas escolas de rugby base de Galicia en Vilalba mediante un evento de este tipo.

A sesión dará comezo ás 10,30 e prolongarase ata as 14 horas no estadio municipal da Madalena e campo anexo (Capoeira).

Está prevista a participación de 16 equipos e 300 cativos e cativas das categorías M6/M8/M10 e M12.

DE RUTA EN RUTA

As Pontes: Senda da Calvo Sotelo

Consta dun percorrido circular sinxelo que permite coñecer o pasado industrial da vila a través de varios paneis informativos

A Senda da Calvo Sotelo é un paseo pola historia industrial da vila das Pontes para a que se habilitaron espazos en terreos de Endesa. A ruta parte da vila e vai percorrendo o pasado industrial a través de paneis informativos nos que se contan os aspectos máis relevantes do seu pasado industrial, como a chegada da fábrica de Enfersa ou a construción da primeira térmica da empresa nacional Calvo Sotelo, da que recibe o nome a senda. O percorrido, que é circular e moi propio para facer unha tarde calquera, ten unha lonxitude de 2,9 km e hai distribuídos seis paneis que explican a industrialización desde inicios do século XX a beiras do río Eume.

O inicio desde o centro da vila faise á beira da ponte de Perfolla, onde empeza a ruta sinalizada, que se localiza nas inmediacións do complexo industrial da central térmica. Na parte da paisaxe, destaca o feito de que durante a ruta vaise acompañado do río Eume nas dúas marxes.

A Senda da Calvo Sotelo abriuse no mes de xaneiro de 2021 e



DATOS



40 minutos



2,95 quilómetros



Dificultade baixa

discorre polo que foron terreos privados de Endesa. Esta forma parte do proxecto da nova circunvalación das Pontes e que tamén incluíu a construción dun vial de acceso ao núcleo que separa a área industrial da residencial.

Ademais dos paneis informativos e da vista sobre a central, os paseantes poderán ver a illa da Ralmalleira, na que comezou a cele-

brarse a Festa da Fraga alá polo século XX ata que se fixo a central. Tamén poderá facerse un achegamento á antiga fábrica de fertilizantes e a primeira central térmica, Encaso e Enfersa.

Visítase tamén a escola de aprendices, o antigo edificio que ofrece a oportunidade de formarse a numerosos veciños, que logo traballaron na central. Completa

a oferta o Poboado das Veigas, o primeiro que se construíu e que data de 1946, que tiña como función ofrecer vivenda aos traballadores da Calvo Sotelo.

Esta senda está conectada directamente con outros percorridos diferentes, xa que por unha banda forma parte da ruta industrial das Pontes, un percorrido que ten dúas versións, a curta, de cin-

co quilómetros para facer nunha hora, e a longa, que é o dobre e que comparte a metade do percorrido coa primeira.

Ademais, pode facerse a senda e continuar despois facendo outra fermosa ruta, a da Ribeira, que vai desde o casco antigo das Pontes ata o encoro da Ribeira por sendeiros fáciles de andar e sen ningunha dificultade.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05